66/22

FLORENTINO L. CUEVILLAS E XOAQUIN LOURENZO

VILA DE CALVOS DE RANDIN

SEMINARIO DE ESTUDOS GALEGOS
SANT'IAGO DE COMPOSTELA MCMXXX

PUBRICACIÓNS DO SEMINARIO DE ESTUDOS GALEGOS

ARQUIVOS

Tomo I, 1927, 274 páxs , XIV láms fora de texto, 25 ilustr. (esgotado).
Tomo II, 1929, 284 páxs., XX láms., 29 ilustr.
Tomo V, 1930, 268 páxs., XXVIII láms , 58 ilustr., 6 láms. en color, un mapa

SEIZÓN DE ARTE E LITERATURA.—Direitor: Don Alfonso R. Castelao.

CABANILLAS.—*Na Noite Estrelecida*. Mondariz, 1926.
—*A Rosa de Cen Follas* Mondariz, 1927.
CARBALLO CALEIRO.—*Como vía a Aristóteles o P. Feixoo*. Arquivos V.
CASTELAO.—*Cousas*. I. A Cruña, Lar, 1926.
—*Cousas*. II. A Cruña, Nos, 1929.
COTARELO VALLEDOR.—*Hostia*. A Cruña, Lar, 1926.
FILGUEIRA VALVERDE.—*Os Nenos*. Lar, 1925 (esgotada).
—*A paisaxe no Cancioeiro da Vaticana*. Lar, 1925 (esgotada).

SEIZÓN DE PREHISTORIA.—Direitor: Don Florentino L. Cuevillas.

BOUZA BREY.—*Estazóns Prehistóricas da Ria de Arousa. Anta e penedo grabado de Oleiros.* Arquivos. I, 1927 (esgotada).
CATÁLOGO DOS CASTROS GALEGOS.—Fascículo I.—*Val de Vilamarin*, Nos, 1927 (esgotado).
—Fascículo II.—*Terra de Celanova*, 1928.
—Fascículo III.—*Terra do Carballiño*, 1930.
CARDOZO.—*Joias arcaicas encontradas en Portugal*, Nos, 1930
CUEVILLAS.—*O ídolo cilíndrico do Museu de Pontevedra e outros ídolos galegos*. Arquivos. I 1927 (esgotada)
CUEVILLAS e BOUZA BREY.—*Bibliografía da Prehistoria Galega*, Nos, 1927 (esgotada).
—*Prehistoria e Folklore da Barbanza*, Nos, 1927.
—*Os Oestrimnios, os Saefes e a ofiolatria en Galiza*, Arquivos. II, 164 páxs., 1929.
CUEVILLAS, FRAGUAS e PURA LORENZANA.—*As mámoas do Monte da Morá e a anta de Abuime*. Arquivos V.
MACIÑEIRA.—*Notable grupo de círculos líthicos y túmulos dolménicos de la cuenca superior del Eume*. Arquivos. II. 1929.
SERPA PINTO.—*Petroglifos de Sabroso e a arte rupestre em Portugal*. Nos; 1929.

SEIZÓN DE HISTORIA.—Direitor: Don Salvador Cabeza de León.

AMOR (Xoan Manuel) e LOURENZO FERNÁNDES.—*Escudos da Catedral de Ourense*. Arquivos. V.
BOO PITA.—*Datos para la Historia de Monforte*. Arquivos. I, 1927.
CABEZA DE LEON.—*Un episodio de la vida académica de D Domingo Fontán*. Roel. Coruña, 1924.
—*A ensinanza do Dereito Román na Universidá de Santiago hastra o plan de estudos de 1772*. Arquivos. I.
—*Novos datos pra hestorea da pesca da balea*. Arquivos. V.
COTARELO.- *Un incunable compostelano*. Roel. Coruña, 1957.
LANZA.— *Ribadeu baixo o señorío dos seus condes*. Arquivos. II.
LOURENZO FERNÁNDES.—*Estudo sobre o foro de Lobeira*. Arquivos. V.
OTERO PEDRAYO.—*Estampas de Ourense a mediados do século XVIII*. Arquivos. I
PARDO —*Dos dominicos gallegos ilustres*.—Arquivos. V.
PÉREZ BUSTAMANTE.—*Carta del Conde de Gondomar a Felipe III*. Arquivos. V.
TABOADA ROCA.—*Cotos y jurisdicciones de Galicia.— Villar de Ferreiros*. Arquivos. I.
—*Santa Mariña do Castro de Amarante*. Arquivos. II.
—*Villar de Ferreiros.—El Pazo. Sus poseedores.—Inventarios de la casa en el siglo XVII*. Arquivos. II.
TOBIO FERNÁNDES.—*Aportazón a historia da pesca da balea nas costas de Galiza*. Arquivos. I.

66/22
As 278

FLORENTINO LÓPEZ CUEVILLAS E

XOAQUÍN LOURENZO FERNÁNDEZ

VILA DE CALVOS

NOTAS ETNOGRÁFICAS E FOLKLÓRICAS

FiLe
F/As 000278
1>0 0 0 0 5 5 8 1 0 7

SEMINARIO DE ESTVDOS GALEGOS

SANT'IAGO DE COMPOSTELA. 1930

Pra Don Vicente
Texada, ca nosa
gratitude.

VILA DE CALVOS



A VILA E A PAISAXE

SITÚASE a vila de Calvos no val meio do rio Salas (véxase o mapa) e n-unha terra de formazón granítica, alta, fría e forte, que non coñece a pompa barroca dos acios e das follas da viña, nin a lanzalía empenachada das canas do millo.

Dende a Ponte Liñares, sobre o Limia, a estrada de Bande â fronteira portuguesa de Torei ou Tourem, rube traballosamente deica alcanzar a divisoria co Salas, un pouco denantes do santuario da Nosa Señora dos Milagros, obra elegante e solene do século XVIII, que non sabemos porque causas quedou sen rematar. Baixa despois, soavemente, ata atinguir unha liña ben determiñada de cotos, coroada por bravas penedías de pedra de grá. O camiñar por entre iles, e no espazo de poucos centos de metros, a costa faise pina. Vense deseguida algunhas palleiras con teito de colmo, logo unha fonte e un peto con trazas de edículo román, e éntrase na vila.

O seu caseirío (Lámina I) queda emprazado eisactamente ô pé dos últimos cotos e na linde mesma da chaira inferior do val, cruzada primeiro por un pequeno regato,

o rio de Calvos, e máis lonxe pol-a corrente do Salas. Ten ista chaira seis kilómetros de ancho e preséntase lixeiramente ondeada, con orla escasa de carballeiras e soutos, *salferida ôs anacos por searas de centeo* e coberta na sua maor parte por maquis mesto e sempre verde.

A pesar da altura considerabele da vila (950 metros sobre o mar) o seu hourizonte non tén eisaxeradas amplitudes. Non hai alí tampouco grandes valgadas afluentes que compriquen a paisaxe. O ollar esparéxese por un circo de montanas próisimas que deixan adiviñar o traballo de erosión das augas que preside o Salas e que permiten fitar nidiamente a arquitectura lóxica e precisa do seu val.

Do noroeste pro suleste a vista bate logo cos aliñamentos montesíos da divisoria do Limia. Primeiro, o lombo onde se asenta o santuario dos Milagros (fig. 1); logo, e careados xa pro norte, os montes de Golpellás e a serra de Souto (figs. 2 e 3); deseguida, no nacente, a serra de Lobás artellada nos debalos da Aguioncha, que destaca o seu cume alto e penedento, semellante a un castelo arruiñado (fig. 4), e por fin, no suleste, as soás lonxanas dos montes da Boullosa.

O pé dos Milagros, e das serras de Golpellás e de Souto, ábrese unha gándara interrumpida cara o poente pol-a liña de cotos atrás citada, e que baixa pol-o leste, en costa donda, deica confundirse ca chá inferior do val (Lámina II).

Pol-o sul as divisorias co Cabado e co Homen destacan fortemente pol-a variedade dos seus perfís. Érguese alí a serra da Pena e o cume do Pisco (fig. 5); segue despois a serra de Pitoes (fig. 6) e as bravas penedas ruiniformes dos Cornos de Fontefría e máis lonxe ainda a masa impoñente do Xurés (fig. 7). Todo iste sistema de montanas lanza cara o val unha serie de outeiros, ben individualizados, ou de lombos macizos, cuia altura vai disminuindo conforme se achegan ô rio.

Pra banda do poente, e por entre as cumiadas dos cotos albíscase apenas o descenso do Salas e adivíñase no fondo a cunca do Lima, e as viñas e as oliveiras da rexión de Lovios.

A paisaxe é indudabelemente unha dura paisaxe de montana. Serras nas que reina a pedra de grá, chairas ermas e dilatadas, grandes searas de centeo i-escaso arboredo. Estamos ben lonxe da tenra vizosidade das rias baixas e da quentura das ribeiras do Miño e da Ulla. Os mesmos piñeiros, que tan valentemente gabean por algunhas serras no noso país, non se atreveron a entrar n-iste anaco do val do Salas. Non hai pol-o tanto que buscar n-il a Galiza doce e garimosa que popularizou o tópico. Estamos na montana fría, de fortes nevadas invernaes e de rexos ventos xeados. Estamos fora de toda feminidade, n-un recanto galego en que clima, montes, vexetazón e vida, son viriles e fermosos.

A vila de Calvos é o núcreo de poboazón mais importante do val do Salas. Debeu nacer e medrar, como tantas outras, n-un cruce de camiños: o que leva a Torei, o que segue prâ Limia, o que se dirixe a Lovios e o que vai por Rubiás, Baltar e Lucenza a desembocar nos viñedos de Monterrei. No punto en que os catro se xuntan, hai unha capraza, a praza do Eirao (Lámina III), co seu cruceiro e as fachadas de dous pazos. As casas labregas arringléiranse dende alí, radialmente, seguindo a direizón dos antigos vieiros.

Pasa a xente. O seu aspecto, se non é de riqueza, tampouco é de eisaxerada probeteiría. Chían os carros que levan as rodas pintadas de roxo e pasa o gando, numeroso e ben mantido.

o rio de Calvos, e máis lonxe pol-a corrente do Salas. Ten ista chaira seis kilómetros de ancho e preséntase lixeiramente ondeada, con orla escasa de carballeiras e soutos, salferida ôs anacos por searas de centeo e coberta na sua maor parte por maquis mesto e sempre verde.

A pesar da altura considerabele da vila (950 metros sobre o mar) o seu hourizonte non tén eisaxeradas amplitudes. Non hai alí tampouco grandes valgadas afluentes que compriquen a paisaxe. O ollar esparéxese por un circo de montanas próisimas que deixan adiviñar o traballo de erosión das augas que preside o Salas e que permiten fitar nidiamente a arquitectura lóxica e precisa do seu val.

Do noroeste pro suleste a vista bate logo cos aliñamentos montesíos da divisoria do Limia. Primeiro, o lombo onde se asenta o santuario dos Milagros (fig. 1); logo, e careados xa pro norte, os montes de Golpellás e a serra de Souto (figs. 2 e 3); deseguida, no nacente, a serra de Lobás artellada nos debalos da Aguioncha, que destaca o seu cume alto e penedento, semellante a un castelo arruiñado (fig. 4), e por fin, no suleste, as soás lonxanas dos montes da Boullosa.

O pé dos Milagros, e das serras de Golpellás e de Souto, ábrese unha gándara interrumpida cara o poente pol-a liña de cotos atrás citada, e que baixa pol-o leste, en costa donda, deica confundirse ca chá inferior do val (Lámina II).

Pol-o sul as divisorias co Cabado e co Homen destacan fortemente pol-a variedade dos seus perfís. Érguese alí a serra da Pena e o cume do Pisco (fig. 5); segue despois a serra de Pitoes (fig. 6) e as bravas penedas ruiniformes dos Cornos de Fontefría e máis lonxe ainda a masa impoñente do Xurés (fig. 7). Todo iste sistema de montanas lanza cara o val unha serie de outeiros, ben individualizados, ou de lombos macizos, cuia altura vai disminuindo conforme se achegan ô rio.

Pra banda do poente, e por entre as cumiadas dos cotos albíscase apenas o descenso do Salas e adivíñase no fondo a cunca do Lima, e as viñas e as oliveiras da rexión de Lovios.

A paisaxe é indudabelemente unha dura paisaxe de montana. Serras nas que reina a pedra de grá, chairas ermas e dilatadas, grandes searas de centeo i-escaso arboredo. Estamos ben lonxe da tenra vizosidade das rias baixas e da quentura das ribeiras do Miño e da Ulla. Os mesmos piñeiros, que tan valentemente gabean por algunhas serras no noso país, non se atreveron a entrar n-iste anaco do val do Salas. Non hai pol-o tanto que buscar n-il a Galiza doce e garimosa que popularizou o tópico. Estamos na montana fría, de fortes nevadas invernaes e de rexos ventos xeados. Estamos fora de toda feminidade, n-un recanto galego en que clima, montes, vexetazón e vida, son viriles e fermosos.

A vila de Calvos é o núcreo de poboazón mais importante do val do Salas. Debeu nacer e medrar, como tantas outras, n-un cruce de camiños: o que leva a Torei, o que segue prâ Limia, o que se dirixe a Lovios e o que vai por Rubiás, Baltar e Lucenza a desembocar nos viñedos de Monterrei. No punto en que os catro se xuntan, hai unha capraza, a praza do Eirao (Lámina III), co seu cruceiro e as fachadas de dous pazos. As casas labregas arringléiranse dende alí, radialmente, seguindo a direizón dos antigos vieiros.

Pasa a xente. O seu aspecto, se non é de riqueza, tampouco é de eisaxerada probeteiría. Chían os carros que levan as rodas pintadas de roxo e pasa o gando, numeroso e ben mantido.

Lám. I.—Vista de Calvos dende o comenzo da chan de Salas. No fondo, dous cotos.

Lám. II.—A gándara por baixo dos montes de Golpellás.

O campo de traballo está aberto. Uns cantos días de gostoso paseiar pol-as ruas e pol-os montes. Longas conversas nas solainas e nas cociñas, ouvindo falar en bó galego aistes homes acolledores e corteses.

A colleita non é fraca, mais de seguro fáltalle moito pra estar compreta. De todos xeitos, coidamos que a sua pubricazón ha ofrecer certo intrés ôs amantes dos estudos etnográficos.



Fig. 1.—Hourizonte NW



Fig. 2.—Hourizonte N

Figura 3.—Hourizonte N

Fig 4.—Hourizonte N E E.—Cerro da Aguioncha



F g. 5.—H)urizonte S



Fig. 6.—Hourizonte S



Fig. 7.—Hourizonte S



Fig. 8.—Croquis da necrópole con antas

ETNOGRAFÍA PREHISTÓRICA

O COTO DE PENAS ALTAS.—Nos términos da parroquia de Calvos non eisiste ningún castro. A vida dos antigos habitantes semella terse concentrado ó pé de un grupo de penedos que coroa o coto mais setentrional e considerabele de toda a liña que se abre por baixo do santuario dos Milagros Chámanlle a iste coto *Penas Altas,* e ven quedar situado a algo mais de un kilómetro da vila, e a 500 metros da marxen esquerda da estrada de Bande â fronteira portuguesa (vex. mapa).

Non sabemos se a fragosidade e situazón domiñante das Penas Altas, que a convirten n-unha escelente fortaleza natural (Lámina IV), fixo que os antergos prehistóricos as elixiran como lugar de habitazón e ainda debemos de engader que non ollamos por ningures sinaes nin vestíxios de que a obra da natureza fora compretada pol-a man do home, mais é o certo que alí localízanse todal-as lendas de mouros que recollimos, e que no coto, ou preto de il, emprázanse os tres únecos xacimentos que poidemos sinalar despois de moitos inquéritos e de algún paseio infructuoso.

Os tres xacimentos son:

Unha necrópole con antas, outra necrópole de sepulturas planas e o lugar do achádego de un acobillo de machados de alvado.

A NECRÓPOLE CON ANTAS.—Fórmana sete mámoas situadas ô norleste de Penas Altas e no debalo oriental da gándara que se estende por baixo do monte de Golpellás (vex. num. 1 no mapa), debalo que na sua parte meridional queda abranguido nos terreos da parroquia e concello de Calvos e na setentrional, nos términos da de Golpellás, que pertenecen xa â alcaldía de Muiños. As mámoas dispóñense do xeito que vai indicado no croquis da figura 8, e presentan as caracteristicas seguintes:

Mámoa n.º 1.—Aparece colocada n-un fondal da gándara, chamado o *Puzo da Veiga.* E de forma troncocónica e mide 18 metros de diámetro.

Aberta deica chegar â arcilla natural do monte, non achamos n-ela pedras da anta nin vestixios de axuar funerario.

Mámoa n.º 2.—Pequena e tan rebaixada que non foi posibele determiñar o seu diámetro. As laxas da anta sobresaían do chan na forma que pode verse na lámina II.

A cámara debía estar formada por cinco pedras. Tres de elas apareceron deitadas e as outras duas ainda de pé e pousadas de canto no senso da sua lonxitude (fig. 9 e lámina V).



Fig. 9.—Anta número 2

O desprazamento que sofriron as laxes non consinte reconstruir con esactitude a forma do monumento e soio pol-a circunstanza de estaren duas das pedras pousadas de canto e pol-a posizón de todas, pode deducirse unha cista megalítica de planta rectangular, ourentada do norte ô sul e pechada ô oeste pol-a laxe *a,* ô leste pol-as *b* e *c,* ô norte pol-a *d* e ô sul pol-a *e.*

A lonxitude de esta cista era de 3'15 metros, o seu alto de 1'30, debendo de andar o seu ancho pol-os 2 metros.

O único espolio que rendeu a escavazón da mámoa foi un anaquiño de cerámica das antas, liso, de terra marela e ca cara esterior alisada.

Mámoa n.º 3.—Moi próisima a anterior e coñecida co nome de *Casa da Moura.*

Tén 16 metros de diámetro, e acocha, fondamente atuadas no seu interior, oito chantas que alcontramos en parte desprazadas dos seus primitivos asentos. (Fig. 10 e lámina VI).

Vése, a pesares de elo, que se trata de unha anta de planta poligonal, de laxes algo imbricadas, o parecer pechada por compreto e de 1'90 de diámetro máisimo.

O esteio *a,* careado prô leste, representa sen dúbida a cabeceira e o *b* debía colocarse entre os *a* e *c,* sendo posíbele que o *d* pe-



Fig. 10.—Cista da mámoa número 3

chara a cámara, que quedaría asín ourentada pro nacente como é normal n-ista caste de monumentos.

A escavazón da anta deu algunhas cerámicas e vidros modernos e un testo liso de caracteres casi idénticos o recollido na mámoa número 2.

Mámoa n.º 4.—Situada n-un fondal da gándara. Mede 15 metros de diámetro.

Tivo, como a anterior, unha cámara de esteios moi atuados e que aparecen oxe remexidos ou derrumbados. Catro de iles áchanse en pé e dispostos en ringleira; outro moi estreito, óllase a algunha distanza dos anteriores; e, finalmente, unha quinta laxe alcóntrase deitada na morea tumular. (Fig. 11 e lámina VII).

O tamaño das chantas fai supor que ista cámara, cuia planta é imposíbele dedu-

cir nin siquera aproisimadamente, tería unha forma semellante a da mámoa número 3.

A escavazón non rendeu ningún ouxeto.

Mámoas n.º 5, 0 e 7.—Asééntanse na parte da gándara que se coñece pol-a *Queimada,* i-en terreos da parroquia de Golpellás. Por elo e por apareceren moi rebaixadas e sen sinaes esteriores da anta, non-as fixemos ouxeto de ningunha esprorazón.

Notaremos asi e todo o grandor eistraordinario da número 6, que ten feitura alongada e mide 35 metros, no seu maor diámetro.

A pedra empregada pra construzón das tres cámaras que quedan descritas foi a gra, moi abondosa na bisbarra. As chantas, cortáronse en penedías superficiaes, cicais no propio coto de Penas Altas, podéndose observar n-algúns esteios, e sempre na cara oposta ô interior da cámara, a feitura aredondada do penedo. Outras chantas, saídas xa do cerne da roca e despois de haber sido separadas as laxes esteriores, presentan as duas caras planas e teñen unha seizón case rectangular.

Os resultados da escavazón e estudo das catro mámos da gándara de Calvos non engaden en realidade nada novo ô cadro da cultura das antas do noroeste da Península, vindo soio a confirmar feitos ben coñecidos e observados.

O emprazamento das necrópoles en chans altas e despexadas é un fenómeno frecuente en Galiza e que foi siñalado xa en mais de unha ocasión (1).



Fig. 11.—Anta da mámoa número 4.

As antas das mámoas 3 e 4 reiteran o caso, frecuentísimo entre nós, de cámaras pequenas, sen inizo de corredor e moi atuadas, é decir, construídas n-un burato fondamente escavado e feito atergo pra axudar a colocazón dos esteios. Contrasta iste procedimento constructivo co usado nas antas de tamaño mais considerabele do país galego e do norte de Portugal (Dombate, en Laxe; Argalo, Casota do Páramo e Arca da Barbanza, na península de Barbanza; Pena do Raposo, en Melide; Abuime, no Escairón; Áncora, no Minho e Pala da Moura e Casa da Moura, en Tras os Montes) (2) erguidas case sobre o chan e con chantas pouco afundidas na terra.

Iste tipo pequeno e atuado somella ser o predomiñante no sul da provincia de Ourense, aparecendo con caracteres de case escrusividade nas necrópoles do Monte das Motas, Maus de Salas e San Cibrao.

A forma da anta da mámoa número 3, seguramente pechada, imítase moito a unha do Laboreiro, a outra de San Cibrao e a duas das estudadas nas Medoñas da Mourela por Federico Maciñeira (3).

Maor intrés presenta a cista da mámoa número 2, por ser ista clás de cámaras sepulcraes relativamente pouco frecuentes na Galiza e no Minho portugués, podéndose citar soio como ben coñecidas e pubricadas, a de Sinás, en Vilacampa; a de Padorno, en Recaré; a da Pedra da Xesta, na Barbanza; as minhotas de Ancora e de Auga Branca e quizáis tamén unha cámara alongada dos pontes de García Rodríguez que contiña un machado de pedra e anacos de un vaso campaniforme.

Compre destacar a lonxitude considerabele da cista da gándara de Calvos, que sobrepasa bastante a todal-as citadas.

Os testos cerámicos asoellados nas mámoas 2 e 3 pertescen â especie lisa, típica das antas galego-minhotas e que ten aparecido no Val de Vilamarín, entre o Carballiño e Cea, no Monte das Motas, en Monte Albán, nas Maus de Salas, en Gontinhaes, nas veciñanzas de Sabroso, en varias necrópoles da bisbarra de Melide i-en xeneral en todal-as sepulturas que renderon algún moblario. Como é sabido, caracterízase tal cerámica pol-o alisamento da superficie dos vasos e pol-o seu imperfecto torrado.

A NECRÓPOLE DE SEPULTURAS PLANAS.—De ista necrópole, ou millor dito, de tres vasixas asoelladas casualmente n-ela, ocupóuse un de nós nas páxinas dos «Trabalhos da Sociedade Portuguesa de Antropología e Etnología» (4). Cómprenos agora repetir moito do que alí se dixo, rectificar algún estremo importante i-engader novo material e novos datos ôs que xa entón se espuxeron.

O abrirse no vrán derradeiro a caixa da estrada de Bande â fronteira portuguesa, no trozo comprendido entre o santuario dos Milagros e Calvos, descubriron os obreiros dous grupos de sepulturas. Emprazábase o primeiro â entrada de aquela vila e n-un coto chamado a Laborada (vex. núm. 2 no mapa) que a caixa do camiño encetou, en trincheira, pol-o lado do oeste. O segundo situábase a algúns centos de metros ô norte do anterior. As cerámicas asoelladas n-iste último, algunha das coales ostentaba decorazón, crebáronas os achadores i-esparexéronse despois de tal xeito que non-os foi posibele acadar nin un soio testo. Das fochas que as contiñan, infelizmente abranguidas dentro da espranazón da estrada, non queda oxe nin o menor vestixio. Pódese considerar en consecuenza iste segundo grupo de sepulturas como definitivamente perdido prâ investigazón.

O primeiro, tocado soio parcialmente pol-as obras da estrada, salvóuse da destruzón e do esquenzemento gracias â dilixencia de D. Vicente Texada, segredario da alcaldía de

Lám. III.—Praza do Eirao O fondo, o coto do Forte

Lám. IV.—O coto de Penas Altas.

Lám. V.—Anta número 2.

Lám. VII.—Anta da mámoa número 4



Lám. VI.—Cista da mámoa número 3



Lám. VIII.—Trincheira do coto da Laborada, con indícazón das sepulturas.





Fig. 12.—Planta e alzado do grupo de sepulturas planas do coto de Laborada

Calvos; ô seu amor pol-a cencia e por Galiza debemos a conservazón dos primeiros vasos alcontrados e âs suas agudas dotes de observador varias noticias que imos enumerar.

As sepulturas descobertas foron catro, que aparecían postas en ringleira, case o pé das penedas que coroan o coto da Laborada, (vex. croquis da figura 12 e lámina VIII) e reducíanse a sinxelas fochas de forma semiovoide, de un e meio a dous metros de longo, i-escavadas deica a fondura de un metro na camada de terra vexetal i-en parte tamén no sábrego do subsolo. Estaban estas fochas cheas de unha poeira cincenta, moi solta e lixeira, e contiñan como único moblario cerámicas que se atoparon na posizón sinalada na figura 12, enteiras unhas e fendidas e crebadas outras pol-a aición da humedade e a presión das terras.

As características dos vasos e as circunstanzas do seu achádego, son como segue:

Sepultura n.º 1.—(Vex. fig. 12). Contiña dous vasos. Un de iles rompérono os obreiros da estrada, recollendo o Sr. Texada sete anacos. O outro apareceu ô esprorarse a parte da focha menos magoada pol-os ditos obreiros.

Pertescen aquiles anacos ô borde, colo, comenzo da panza e fondo de unha vasixa feita c-un barro pardacento, con mistura de algúns grauciños de seixo, que presenta na superficie unha coor mais anegrazada que a que se olla nas fracturas. A cara esterior áchase coidadosamente polida e o groso das paredes é de 5 milimetros no colo e panza e de 4 milímetros no fondo.

A forma, que pudo ser reconstruída (fig. 13, 1 e lámina IX, 1), dá un vaso de 20 centímetros de alto, con boca de borde recto e de 9 centímetros de diámetro, con colo alto de perfil soave, panza ben desenvolta e fondo semiesférico (5).

A decorazón, (fig. 14) óllase somentes por baixo do borde, na parte mais estreita do colo e no comenzo da panza e non parece que continuara cara ô fondo, que é compretamente liso. Consiste en tres zonas hourizontaes, afastadas entre sí por espacios lisos, de un centímetro de ancho as duas superiores, e de dous e meio a inferior. Na primeira, contando de enriba pra baixo, aparece unha serie de triángulos colocados en posición alterna i-entre iles unhas liñas oblícuas paralelas ôs lados dos triángulos contiguos; na segunda vese unha ringleira de triángulos en posizón normal e unidos pol-a base, e na terceira volven aparecer os triángulos, anque sen liñas oblícuas intermeias e cheos, en troques, por tres riscos hourizontaes.

A técnica de ista decorazón é un puntillado moi regular e fino executado c-un instrumento propio para tal obxeto, probablemente con rodiña.

O mesmo a forma que a técnica do puntillado, que os motivos decorativos obríganos a incruir iste vaso na especie campaniforme.

A segunda vasixa (fig. 13, 2 e lámina IX, 2) está feita ca mesma terra que a anterior e ten as paredes algo mais finas. A cara esterior alcóntrase asimesmo moi ben polida.

A forma dá un gran vaso, de 23 centímetros de alto con panza de 20 centimetros, colo de perfil moi suave e borde recto.

Non ten ista peza ningunha clás de decorazón.

Sepultura n.º 2.—(Vex. fig. 12). Esborrallada case por compreto ô abrirse a estrada. Das cerámicas que contiña salvóu o Sr. Texada unha vasixa (fig 13, 3 e lámina IX, 3) feita c-un barro inzado de grauciños de seixo, de coor negra nas fracturas e marela na superficie. As paredes teñen 4 mm. de groso, notándose o mesmo no interior que no esterior do vaso, e principalmente na parte do fondo, siñaes de polido.

A forma é a de un cazolo grande, que mede 22 centímetros de boca por 16 centimetros de alto. Ten borde con revira de 3 centímetros de ancho incrinada de fora adentro e por baixo de ela apréciase o colo, estreito e non moi fondo. Lateralmente, e partindo do colo, saen duas asas pequenas de 2 centímetros de abertura, e lixeiramente cóncavas no esterior, que van parar ô comenzo da panza. O fondo ten feitura semiesférica.

A decorazón áchase somentes na revira do borde, consistindo n-unha serie de riscos anchos, dispostos ô xeito do motivo chamado de folla de acacia, e tan tenuemente impresos no barro, que pra dexergalos con nitideza, compre sexan mirados con luz oblicua.

Sepultura n.º 3.—(Vex. fig. 12). Compretamente esprorada por nós. Deu duas vasixas lisas.

A primeira (fig. 13, 4 e lámina IX, 4) está feita de un barro marelo pardacento na sua superficie i-escuro nas fracturas e misturado con partículas de seixo. As paredes teñen 3 mm. de espesor e aparecen algo polidas esteriormente.

A forma é de xerro bastante alto, 17 centimetros e meio, con boca de 11 centíme-

tros, borde recto, colo alto, panza de 17 centímetros e fondo plano. Lateralmente presenta unha asa fina da que soio se conserva un muñón.

O segundo vaso (fig. 13, 5 e lámina IX, 5) imítase na calidade e coor da terra, no espesor das paredes, no polimento e nas liñas xeraes ô cazolo aparecido na sepultura n.° 2, mais diferénzase de il en ser enteiramente liso, na maor incrinazón da revira do borde, que mede 1 centímetro e meio, no pouco acusado do colo, en ter somente unha asa e no seu menor tamaño, 15 centímetros de alto e 18 centímetros de boca.

Sepultura n.° 4.—Desfeita por compreto o abrirse a caixa da estrada. Das cerámicas do axuar funerario soio pudo recoller o Sr. Texada dous anacos correspondentes o borde, colo e comenzo da panza de unha vasixa feita c-un barro roxizo, algo anegrazado nas fracturas e con paredes de 5 mm. de espesor, faltas de todo polimento.

A forma que pode hipotetizarse pol-o perfil dos anacos (fig. 13, 6) debía ser case idéntica a do segundo vaso da focha n.° 3, incruso no detalle da asa, cuia inserzón dexérgase no mais pequeno dos dous testos.



Fig. 13.—Vasixas da necrópole con sepulturas planas.
1 e 2, sepultura n.° 1.
3, sepultura n.° 2.
4 e 5, sepultura n.° 3.
6, sepultura n.° 4.

As sepulturas en focha sen nengún revestimento de pedra e sen mámoa, teñen unha novedade absoluta dentro do eneolítico do noroeste peninsuar. Coñecíanse aiquí as antas de difrentes formas, as mámoas sen ningunha caste de cámara e ainda no Marco de Canaveses descubriu i-estudou o ilustre Martins Sarmento (6) unha sepultura aberta por baixo de un penedo, que contiña dous machados de diorita, duas facas de pederneira, duas puntas de frecha e unha goiva tamén de pedra, sepultura que pode relazoarse cas de Albalate e Canyaret de Calaceit, en Teruel, escavadas asemesmo por baixo de penedos.

Os enterramentos en fochas non fallan tampouco no eneolítico da Penínsua, ben baixo túmulo, como nos silos do Acebuchal, ben en tumbas planas, como eran as de Ciempozuelos, mais en Galiza deberon de facer a sua aparizón o esmorecer a cultura das antas e introducirse no noso ámbito xeográfico a cerámica campaniforme e o primeiro cobre.

Aproisimadamente sincrónicas co istas tumbas planas son seguramente as mámoas sen antas, como as duas das Pontes de García Rodríguez que renderon vasos campaniformes, e as catro da mesma localidade que deron moblarios escrusivamente de cobre, sendo posibele que se crasifiquen no mesmo tipo os xacimentos dos campaniformes das Gándaras de Budiño e de Fisterre.

Coidamos que as sepulturas de Calvos gardaban incinerazóns que posibelemente practicáronse nas mesmas focgas, deixando como vestixio a poeira cincenta que as enchía e ainda cremos asimesmo que as vasixas grandes e de boca ancha, que se asoellaron en tres de elas, debían servir de urnas cinerarias e as outras mais pequenas pra gardar ofrendas mortuorias.

De entre todal-as cerámices recollidas destaca pol-o seu intrés o vaso campaniforme da sepultura n.º 1, que é o décimo atopado en Galiza e o terceiro cuia forma nos é coñecida.

Compre pol-o tanto que denantes de cousa ningunha o poñamos en comparanza co aquiles eisemprares galegos que denantes citamos.

A localizazón e características de tales pezas cerámicas, é a siguente:

Nas Pontes de García Rodríguez (A Cruña) i-en duas mámoas sen anta, atopou don Santiago de la Iglesia, dous vasos de perfil duro e baixo, feitos de barro roxo e decorados do borde ô fondo; un con sete zonas hourizontaes cheas de riscos oblícuos en direizón alterna, e outro cas mesmas sete zonas e seis liñas que se entremeian entre zona e zona. A técnica e un puntillado irregular e defectuoso (7).

Na mesma estazón das Pontes de García Rodríguez, alcontrou Federico Maciñeira restos de tre s vasos. Apareceron os dous primeiros n-unha mámoa o parecer sen anta, e o terceiro n-unha cista alongada i-en compaña de un machado de pedra. Teñen os tres decorazón de zonas cheas con liñas oblícuas. A técnica é un puntillado defectuoso, agás n-un eisemprar que o presenta executado con bastante finura.

Nas gándaras de Budiño, moi preto da vila pontevedresa do Porriño, e n-unha mámoa cuias características descoñecemos, asoellou D. Xesús Palacios, xuntamente c-un machado de pedra, catro testos de un vaso, que están no Museo Arqueolóxico de Ourense, e que ostentan unha decorazón de zonas, probabelemente alterna, de liñas paralelas e onduladas. A técnica é o riscado e a execuzón tosca e descoidada.

Na bisbarra de Fisterre (A Cruña), atopáronse en unión de un puñal de cobre, testos pertencentes pol-o menos a tres vasos. Iñoramos as circunstanzas do achádego e sabemos

soio que a decorazón dos testos é igoal, ou pol-o menos de un tipo semellante, ô que se olla nos eisemprares das Pontes de García Rodríguez (8).

Vese craramente pol-o que queda dito, que o vaso de Calvos pol-a situazón do seu xacimento e pol-a sua feitura e decorado constituye un feito enteiramente novo entre as cerámicas galegas da mesma especie.

Ata de agora, todol-os achádegos de campaniformes verificáronse en Galiza en sitios próisimos a veiramar do oste (Budiño e Fisterre) ou a veiramar do norte (As Pontes), e o eisemprar que nos ocupa ven aparecer n-un lugar arredado da costa mais de cen kilómetros en liña de aire.

Os vasos da coleizón La Iglesia, únicos cuia forma nos é coñecida, son baixos, de fondo chato, boca ancha e perfil duro, e o vaso de Calvos ten contrariamente feitura alta, perfil soave, e fondo bastante ergueito.



Fig. 14.—Planificazón da decorada do vaso campaniforme da sepultura n.º 1

As decorazóns rexistradas deica ô día son, case que de cote, liñas sinxelas, ou zonas cheas con liñas oblicuas, presentándose soio esporadicamente as zonas de liñas paralelas ou onduladas, e o vaso que andamos a estudar óllase adornado escrusivamente con zonas de triángulos, motivo que aínda no se sinalara en Galiza, podéndose notar somente como caracteres comúns de iste eisemprar e dos outros galegos a disposizón alterna de faixas decoradas e faixas lisas e a técnica do puntillado, predomiñante entre nos, máis que se alcontra executada no vaso de Calvos con maor regularidade e finura que nos seus compañeiros.

A orixinalidade de esta peza destaca aínda con máis forza ô comparala con cerámicas da mesma especie da Península e de fora de ela. A sua feitura é moi pouco frecuente, afectando unha deformazón semellante â de un dos vasos madrileños de San Isidro, que ten tamén a boca estreita con relazón ô ancho da panza e o perfil soave; i-en canto â decorazón debemos decrarar que, a pesar de ter revisado coidadosamente o compretísimo material recollido na sua magnífica monografía por Alberte del Castillo (9), non lle atopamos por ningures paralelo esacto.

É certo que os triángulos, por veces lisos e xeneralmente cheos de riscos hourizontaes, oblícuos ou verticaes, abondan de xeito eistraordinario na decorativa dos campaniformes, aparecendo no val do Guadalquivir, en Portugal, na Meseta Inferior, no Sistema Ibérico central, na Cataluña Nova, no Pirineo Oriental, nas Baleares, no Mediodía de Francia, na Bretaña, no Rhin Central, na Saxonia e na Gran Betaña, dispostos formando

ringlas como na zona central do vaso de Calvos, colocados en liñas paralelas i-en posizón alterna, ocupando o remate do espazo decorado ou facendo faixas de triángulos contiguos alternando os lisos cos riscados, mais non ollamos en ningunha parte triángulos eisentos de posizón alterna como os que ostenta o eisemprar que nos ocupa, nin tampouco liñas oblícuas no espacio valeiro entre os dous triángulos, lembrando soio iste derradeiro motivo a decorazón de unha vasixa dexenerada que apareceu en Avila, no borde da Meseta Superior.

Ista singularidade do campaniforme de Calvos constituie un serio incomenente pra resolver un dos problemas mais interesantes que prantea; o problema da sua procedenza, ou mellor dito da procedenza da corrente cultural que lle deu orixen. Galiza, como xa n-outra ocasión indicamos (10), áchase arrodeada por áreas considerabeles de terreo, limpas de todo vestixio de cerámica campaniforme, que pol-o sul chega soio ô val do Mondego, pol-o suleste para na raia das provincias de Avila e Salamanca (El Berrueco) e na provincia de Palencia, esténdese o valeiro pol-o leste, por Asturias e Cantabria deica o País Vasco, fallando pol-o tanto en todas direizóns a cadéa de achádegos que se precisaría pra unha boa interpretazón xeográfica do fenómeno que estudamos.

Non queda pol-o tanto outro procedimento de elucidar a custión que o eisame comparativo do vaso de Calvos cos vasos pertencentes a cada un dos grupos que mais se aveciñan a Galiza, e que son, seguindo a nomenclatura de Alberte del Castillo, o da Meseta Superior, o do Pirineo Ocidental e o de Portugal.

O primeiro, que se representa por cerámicas atopadas en lugares distantes de Galiza (Berrueco, Avila, Palencia e covas da provincia de Burgos) é, según a eispresión de aquil arqueólogo, un grupo final e non de paso e de enlace. En efecto, non achamos n-il mais que formas dexeneradas, case escrusivamente cuncas, adornadas con liñas continuas, liñas onduladas, follas de mimosa, liñas paralelas cheas ou cortadas por outras verticaes ou liñas toscas verticaes, non aparecendo os triángulos mais que no eisemprar de Avila de que denantes falamos. A técnica é o risco toscamente executado.

Coidamos que non compre esforzarse pra demostrar que nada hai niste grupo, nin en formas nin en técnica, nin no decorado que poda paralelizarse co vaso de Calvos, nin coa maoría dos campaniformes galegos, mais ainda engadiremos que en ningunha época prehistórica aparez Galiza avencellada cas terras da Meseta Superior. No eneolítico atópanse â fartura, entre nos, as antas que son alí descoñecidas; no Bronce os escasos machados de talón encontrados nas provincias de León e Palencia e na serra de Bexar, asemellan seren, pol-a localizazón dos achádegos, cousas escoadas dende as Asturias e Cantabria e dende a Beira Alta; e nos tempos do Ferro, a cultura das necrópoles e das cibdades casteláns no pasa no noroeste da divisoira entre o Támega e o Tua, afectando soio á rexión de Braganza, na que se sinalan numerosas esculturas de *berrôes* e algunhas fíbulas de tipo mesetan.

Algo mais compricado se presenta o problema no que toca o grnpo do Pirineo Ocidental. Os vencellos entre as culturas megalíticas de iste país e as de Galiza, distan moito de estaren solidamente estabrecidos, pois a mais de eisistir entre ambos unha considerabele soluzón de continuidade, non hai grandes coincidenzas na forma das antas, nin nos seus moblarios. En Vasconia predomiñan as cistas e rexístranse algunhas galierías cobertas, sendo escasas as cámaras sen corredor, i-en Galiza, en troques, non se atopan galeirías cobertas e as cistas son pouco numerosas e predomiñan de xeito absoluto as cámaras poligonaes sinxelas ou con corredor inizado. Nos moblarios galegos aparecen constantemente



Fig. 15 — Motivos decorativos da cerámica do Monte da Penha en Guimarães.

os machados, que son rarísimos no Pirineo, e as puntas de frecha de base convexa ou triangular alí desconecidas, podéndose sinalar tan soio como caracteres comús dos dous países, o megalitismo, as cerámicas lisas, os vasos campaniformes e, sobre todo, a presenza n-algunha sepultura de cristaíños de seixo.

Ora, os campaniformes vascos, que son dous, asoellados en Pagobakoitza i-en Gorostiarán, óllanse adornados con zonas paralelas feitas por apricazón de un cordel e cheas de riscos puntillados, non aparecendo n-iles o triángulo, e ainda a forma de perfil duro do eisemplar de Pagobakoitza, único reconstruído, non se imita ren â do vaso de Calvos.

Por outra parte o País Vasco é o mesmo na época da cultura megalítica que posteriormente, moi probe en ouxetos de cobre e bronce, tan ben representados en Galiza, e os que sairon das antas son furadores, aneis e braceletes, que ostentan feituras primitivas non sinaladas na nosa terra.

Cremos pol-o tanto que o campaniforme que andamos a estudar é por compreto alleo a toda infruenza do Pirineo Ocidental, e ainda coidamos que os vasos das Pontes de García Rodríguez, apesares das semellanzas que presentan cos vascos, deberon de zugar a sua inspirazón n-outras fontes.



Fig. 16.—Motivos decorativos da cerámica de unha anta do monte das Motas, en Lobeira.

Queda agora por eisaminar o grupo de Portugal. É sabido que a civilizazón das antas galegas, ou con mais precisión das antas galego-minhotas, forma dentro do megalitismo peninsuar unha rexión cultural, dotada de certa autonomía. Partindo posibelemente de un fondo idéntico, as terras ocidentaes do norte e do sul do Douro diversifícanse n-un momento, que temos que colocar xa no eneolítico, desenvolvéndose nas segundas unha viva evoluzón nas antas e introducíndose ou creándose na sua área elementos novos, namentras que nas primeiras seguen perdurando os tipos mais antergos, o mesmo na feitura das cámaras que no material, mais sen que deixen de conservarse n-unha e n-outra rexión cousas comúns como son as puntas de frecha de base convexa ou triangular, a abondosidade de machados, que teñen ademáis formas igoaes ou moi imitantes, as cerámicas lisas e as doas de callaite. O esmorecimento dos contactos entre as terras citadas, ocasionado cicais por ourentarse cara o val do Guadalquivir os vieiros do trato do centro de Portugal, non debeu durar moito tempo e vemos que logo penetran no circo do noroeste, seguramente co primeiro cobre, cousas tan típicamente portuguesas como a punta de frecha de base cóncava e o ídolo-cilindro.

Ora, ¿pódese referir a iste fenómeno a presenza do campaniforme de Calvos? Advertiremos primeiro que, contrariamente ô que pasa nos grupos da Meseta Superior e do Pirineo Ocidental, os triángulos lisos ou cheos de liñas alcóntranse á fartura en Portugal,

Lám. IX.—Vasixas da necrópole de sepulturas planas

aparecendo en cerámicas de Palmela, Cascais, Furadouro, Rotura, Óbidos, Bragança e San Martinho, e que n-aquil pais como en Galiza predomiña o puntillado sobre o riscado, non rexistrándose en ningunha das duas terras a técnica de apricazón de cordeles.

Por outra parte o valeiro aberto entre o estremo sul da provincia de Ourense, límite meridional dos achádegos galegos e a Beira, límite setentrional dos achádegos portugueses, énchese en certo modo pol-a aparizón da interesantísima cerámica da Penha, ben marecente de que lle adiquemos algúns comentarios.

Tense alcontrado, pol-o de agora ista cerámica, somentes en dous lugares: no monte da Penha, situado na serra de Santa Catarina e por riba mesmo de Guimarães, e na serra case fronteriza das Motas, en Lobeira, Ourense. O primeiro xacimento é sen dúbida un poboado no que se atoparon tamén moas manuarias, machados de pedra, un machado de cobre, bolos de hematites roxa, e machados e unha lanza da segunda metade do Bronce; e o segundo achádego verificóuse n-unha mámoa con anta da que saiu así mesmo cerámica lisa e unha punta de frecha de seixo cristaíño.



Fig. 17.—Forma de un vaso do monte da Penha.

A identidade entre os anacos minhotos, moi abondosos, de decorazón variadísima e pertescentes a diversas vasixas e os anacos galegos, poucos en número, de decorazón mais uniforme e procedentes seguramente de un soio vaso, estabrécese pol-a forma dos bordes, pol-a coincidenza n-algus dos motivos decorativos mais comunmente empregados, como son os riscos fondos, seguidos e paralelos que se abren en serie por baixo dos bordes, o reticulado fino e as liñas verticaes fondas e anchas e ainda pol-a técnica e xeito do riscado, pol-a coor anegrazada do barro e ata pol-o groso dos testos.

Como dixemos, as decorazóns dos anacos recollidos no monte da Penha son de unha grande variedade (fig. 15), dexergándose series de liñas hourizontaes, anchas e fondas, postas por baixo dos bordes; zonas de zizás ou de triángulos, cheos por un reticulado moi fino; espacios ô parecer rectangulares, cheos do mesmo reticulado fino e limitados por series de riscos fondos que se unen en ángulo recto; follas de mimosa dispostas de xeitos diversos; metopas cruzadas por liñas verticaes, por pares de liñas en cruz ou por series de liñas diagonaes; triángulos axuntados pol-o vértice, cheos de reticulado e deixando entre sí rombos lisos; zonas rectangulares punteadas, liñas de puntos ou triángulos punteados interiormente.

Os motivos decorativos da cerámica das Motas (fig. 16) son moito mais sinxelos, reducíndose âs series de liñas hourizontaes e paralelas, anchas e fondas, colocadas por baixo dos bordes; ôs espacios ô parecer rectangulares cheos de reticulado fino e limitados por series de riscos fondos que se unen en ángulo recto; â serie de liñas diagonaes que se cortan; a sulcos cóncavos e moi anchos e sobre todo ô reticulado fino que enche a maor parte dos testos.

A forma dos vasos non está esactamente determiñada, mais o mesmo dos fragmentos das Motas que de outros da Penha semella deducirse unha vasixa de borde revirado, de perfil soave e de panza pouco ancha con relazón â boca (fig. 17).

Anque non matinamos faguer agora un estudo compreto de ista cerámica, cuios eisemprares portugueses coñecemos soio por apuradas visitas ôs museus da Sociedade Martins Sarmento, de Guimarâes e da Facultade de Sciências de Pôrto, e pol-a breve reseña que lles adicou José Luis Pina (11), faremos notar que as suas coincidenzas cos tipos campaniformes son tan grandes, que pol-o menos temos que considerala como unha interpetazón local das cerámicas de tal especie.



A forma que atrás aludimos, única coñecida, siquera sexa de un xeito aproisimado, non se alcontra no centro de Portugal, mais pode derivarse sen demasiado esforzo das cazolas altas de Palmela, e por outra parte imítase bastante as vasixas dos alrededores de Numancia, de Saint Vellier, do Morbihan e de Anghelu Ruju. Os motivos decorativos mais correntemente usados, os triángulos, zizás, series de liñas verticaes, rombos lisos e zonas reticuladas abondan moito nos campaniformes portugueses e óllanse incruso adornando ídolos-pracas e ídolos glandiformes, parecendo que en conxunto os vasos do tipo da Penha derivan directamente de aquiles campaniformes, suposto que se axeita perfectamente ca posizón xeográfica dos xacimentos, cos vieiros costantes de relazón das bisbarras onde están situados e cas características e posizón dos grupos que mais se lle aveciñan.



Fig. 18.—Machado que se alcontra en poder de don Xosé Ramón Texada.

É certo que non podemos arriscar ningunha hipótese sobre algo tan principal como é a causa ou conxunto de causas deron lugar â formazón de istas cerámicas, que dentro das coetáneas do oeste peninsuar, destácanse c-un acento persoal, pol-a sua forma, pol-as liñas anchas e fondas que se abren por baixo dos bordes, pol-o predomiño da técnica do riscado, pol-a feitura espaciada e grosa de certos punteados, moi semellante ô que se olla nos vasos do Sistema Ibérico e da Cataluña Nova, e distinta de puntillado mais fino e xunto corrente en Portugal i-en Galiza e pol-a novedade de algunhas decorazóns, mais non é menos certo que os testos da Penha veñen amostrar que a especie campaniforme entorgou con tanta forza no Minho portugués, que chegou a producir unha interpretazón local notabilísima pol-a sua abondosidade e pol-a riqueza da sua decorativa.

O centro de produzón e de inzamento de tal cerámica é posibele que fora nas inmedazóns de Guimarâes ou cicas en toda a rexión de Braga. Ora, ista rexión queda tan pouco afastada do val do Salas, que a distanza entre Calvos e Guimarâes non chega ôs setenta kilómetros, falándonos a prol de unha

relazón eneolítica entre ambas terras, a presenza nas Motas, lugar desviado de Calvos pouco mais de quince kilómetros, de testos que nidiamente se identifican con otros de Guimarâes.

Apesares de todo elo debemos confesar que o vaso galego diferénzase notabelemente dos da Penha pol-a forma e pol-a técnica do decorado, diferenzas que apenas si atenúan as semellanzas das zonas de triángulos que ambos ostentan. ¿Será acaso aquela vasixa compañeira dos elementos inspiradores das cerámicas minhotas? É posibele, mais cos datos de que dispomos non é doado demostralo.

De todos xeitos o campaniforme de Calvos presenta, asegún atrás deixamos consinado, maores similitudes cos campaniformes do centro de Portugal que cos casteláns ou cos vascos, e isto, como tamén a situazón do seu xacimento, obríganos apor unha orixe portuguesa â corrente cultural que o trouxo a nosa terra, corrente que os testos de Guimarâes fan supor que pasaría pol-a rexión minhota.

Pro problema xeneral da cerámica galega do eneolítico, o mesmo o vaso de Calvos que os da Penha veñen a encher o valeiro aberto entre Galiza e o Portugal de alen Douro, estabrecendo dous eslabons xeográficos ben precisados, anque tipolóxicamente haxa disparidades fortes entre os eisemprares da Penha e de Calvos, entre iste e os das Pontes de García Rodríguez e de Fisterre, i-entre todos iles e os das gándaras de Budiño.

Parécenos así e todo, que pra un boo enfoque de tal custión, ainda non acrarada satisfactoriamente, non debe esquecerse o feito de que todol-os campaniformes galegos, teñan antecedentes en Portugal, nin tampouco a posibilidade de aportazóns sucesivas chegadas do mesmo país e así mesmo os localismos, sempre fáciles n-unha rexión coma o noroeste peninsuar, que, durante unha boa parte do eneolítico, parece desenvolverse con certo isolamento e autonomía.

Os grandes cazolos alcontrados nas sepulturas 2 e 3 e posibelemente os fragmentos que sairon na número 4, presentan unha forma por compreto nova entre as cerámicas eneolíticas galegas cuio repertorio reducíase ôs campaniformes, ô pote globular con borde lixeiramente revirado, a cunca alta e a un vaso de xeito cilíndrico e fondo semiesférico.

No Minho portugués, a feitura de un vasixa procedente de unha mámoa, que está no Museu da «Sociedade Martins Sarmento», de Guimarâes, semella relazoarse cos eisemprares de Calvos, mais as cerámicas que teñen co-iles maiores analoxías son sen dúbida os vasos semiesféricos ou troncocónicos providos de unha asa e con reborde ancho, case sempre decorado, que foron descritos primeiro por José Fortes (12), pubricados logo por Nils Aoberg (13) que os deu como de época indeterminada, e dos que se ocupou recentemente o sabido arqueólogo Ruy de Serpa Pinto (14), asinándolle unha data castrexa e unha tradizón eneolítica.

Conta iste tipo de vasixa con trece pezas, procedentes todas do Minho litoral (Arcos de Valdevez, S. Paio, Dantas, Guidôes, Terroso e Touguinha) das que nove ostentan a revira do borde decorada con puntos ou riscos dispostos de xeitos diferentes e frecuentemente ordeados en zonas, sendo pra nos particularmente interesante o eisemprar de Guidôes, adornado con trazos anchos colocados ô xeito de follas de mimosa ou de espiña de peixe, e cuio aspecto e disposizón imítase moito ô que presentan os riscos do vaso da sepultura número 2.

Convén agora advertir que ista caste de cerámica non ten antecedentes craros nin no centro de Portugal nin no resto da Península, lembrando tan soio pol-a decorazón da

revira do borde e pol-a semellanza de algúns motivos, certas cuncas e determiñados adornos da especie campaniforme, que cicais infruiu sobre as cuncas indíxenas de paredes altas, creando un tipo local de longa perduranza, desenvolto no Minho litoral e propagado, pol-o menos, âs terras do sul da provincia de Ourense, fenómeno de inzamento ben a xeito, cas condiciós xeográficas dos vales do Limia e do Salas, e concordante ca presenza na serra das Motas, de testos semellantes ós da Penha, e co camiño que postulamos prâ corrente cultural, que trouxo â nosa terra o campaniforme de que vimos de falar.

O segundo vaso da sepultura n.º 1, identifícase case c-unha forma que saiu na anta portuguesa do Considreiro, en Pavia (Alentejo) (15) e mais esactamente ainda con vasixas aparecidas na cultura eneolítica de Almería (Vélez Blanco) (16).

O xerro da sepultura n.º 3 imitase considerabelmente a unha das pezas asoelladas na sepultura da Alpiarça (17), da que apenas se diferenza na menor abertura da boca i-en ter unha asa de que carece o eisemprar portugués.

A presenza do campaniforme, o polimento que ostentan os mais dos vasos e os paralelismos que quedan sinalados, obríganos a datar as sepulturas de Calvos n-unha fase findeira do eneolítico moi próisima xa a edade do Bronce.

O ACOBILLO DE MACHADOS DE ALVADO.—Descobriuse este acobillo haberá cousa de vinte anos, na banda oeste do coto de Penas Altas (vex. n.º 3 no mapa) e n-un campiño chairo situado entre as penedas (Lámina X)

Xacían os machados, que eran catro, a pouca fondura i-envoltos n-unha camada de carbón vexetal, detalle que permite crasificar o achádego entre os acochos de fundidor.

As pezas asoelladas tiñan, asegún nos dixeron, un feitío idéntico, como se houberan saido todas de un mesmo molde. Tres de elas perdéronse e a coarta encontrase en poder de D. Xosé Rrmón Texada, veciño de Calvos.

É un machado (fig 18) de 110 mm. de longo por 35 de ancho no gume. O alvado, de forma cadrada, mede 21 mm. Ten un soio anel lateral e duas cristas alongadas que baixan deica ô terzo superior do istrumento.

Nin en Galiza nin no norte de Portugal rexistrárase ata de agóra un acobillo de machados de alvado tan importante como iste. O mesmo depósito de Covapodre, en Hío, península do Morrazo, notabele pol-a variedade de obxetos que o costituen, soio rendeu dous machados de ista clás, e os demáis achádegos reduxéronse, ó parecer, a pezas aisladas.

Xeográficamente considerado, ten tamén o seu intrés o acobillo de Calvos. Non soio os machados, senon tamén as armas que pol-o seu tipo poden incruírse no Bronce IV da clasificazón cronolóxica de Dechelette tiñan, deica oxe, en Galiza, unha localizazón case escrusivamente costeira, ou precisando con maor esactitude, na beiramar das Rias Baixas ou en bisbarras veciñas. Na Ria de Arousa apareceu un machado no Cabo de Cruz, un molde no Neixón e outro algo mais aleixado, en Cuntis. Na Ria de Vigo sinálanse os achádegos de Covapodre e Redondela e na de Pontevedra, os de Lérez, Castro da Lama e xa unha miga no interior, o de Ponte Caldelas.

No norte de Portugal, en troques, os machados de alvado, sen fallar no Minho (Roriz, Louro, Candomil e Sabroso) métense terra adentro aparecendo nos concellos trasmontanos de Chaves, Alijó e Vila Real.

Tendo agora en conta que Calvos limita co concello asimesmo trasmontano de Mon-

tealegre, veciño do de Chaves, non é demasiado arriscado o considerar o acobillo de Penas Altas como un novo feito corroborador do fenómeno de espansión cara o leste que diferenza os achádegos portugueses dos galegos e supor qune no Bronce findeiro o vieiro do Limia, por onde outrora penetraran tipos de cerámica, estaba ainda aberto e practícábele.

E non remataremos sen facer notar que a feitura cadrada do alvado que aproisima os machados de Calvos òs de Bretaña. dáse tamén n-outras pezas do noroeste peninsuar como son unha de Covapodre e as de Ponte Caldelas, Redondela e Louro.



Fig. 19 —Perspectiva do pazo da familia Texada

NOTAS DE ETNOGRAFÍA MODERNA

OS PAZOS E AS CASAS LABREGAS.—Na vila de Calvos hai dous pazos: o da familia Texada e o da familia Lourenzo.

O primeiro, propiedade hoxe de D. Vicente Texada, é un grande edificio, con planta baixa e un andar, de 28 metros de fachada por 40 de fondo, feito con escelente canteiría de pedra de grá, sinxelo, severo, sen ornamentazóns innecesarias e moi capaz pol-a sua distribuzón e arranxo, de facer as delicias de un arquitecto da nova escola.

Todo n-il alcóntrase sobordinado â comodidade e boo servizo dos seus habitantes. A costruzón ordéase arredor de un patio central ô que se entra por unha ancha porta coroada por un blasón de fino traballo, do século XVII (Lám. XI) (18). Trasposta a soleira, e denantes de entrar no patio, alcóntrase a ezquerda unha dependenza que garda no seu interior tres tullas de pedra: unha pro gran de centeo, outra pra fariña e a terceira pra

carne salgada. O lugar é fresco no vran e tépedo no inverno e as provisións alí almaceadas nada teñen que temer dos ratos nin do gurgulo.

O patio (vex. fig. 19) é cadrado e por il sérvense as cortes qne ocupan a planta baixa e chégase tamén ô primeiro andar ò que se entra por un par de escaleiras que ruben a dous corredores embarandelados estendidos pol-os testeiros do norte e do meiodía. Iste primeiro e único andar contén salas amplísimas, dormidoiros, comedores, cociña de xeito conventual, sala pra amasar o pan e unha ben coidada capela familiar, i-está teiteado case todo con pontóns e lata, ben traballados, e pisado con táboas de castiñeiro.

Pra banda que mira pro oeste agrégase ô edificio un segundo patio, cinguido por un muro alto, con portas independentes, con dous pendellos sostidos por pilares de pedra, que se utilizan como leñeiras e con fonte, tanque e galiñeiros. Tén iste patio comunicazón cas cortes do seu lado e co primeiro andar ô que se rube por unha escaleira de pedra. O pé da casa e pol-o nacente e meiodía hai un xardinciño tamén murado.

A luz recíbese esteriormente dos catro ventos e interiormente do patio central, por meio de fiestras sinxelas, agás na banda do nacente por onde se abren algús balcós de madeira.

O tellado, que se adapta a disposizón do edificio na forma que pode verse na figura 19, é de tella curva, fabricada cicais n-un lugar cercano ô rio de Calvos que se chama *A Telleira*.

O pazo dos Texada é, en resume, unha costruzón lóxica e rexa, feita pra desafiar os anos e sabiamente dirixida a un fin práctico e utilitario. Se pensamos nos prados, nas hortas, nos agros de centeo, nas carballeiras e nas rendas e foros a il adscritas comprenderemos deseguida o pensamento rector que lle deu orixe e vida. Casa de fidalgos montañeses, non se enfeita con adubios arquitectónicos destiñados a gostar ôs refiñados. Abóndalle con ser sólida e cómoda, con ter ô alcance da man todol-os elementos do seu vivir, con abrigar do frío e da neve ôs seus moradores, que, pechados n-ela, podían esquecer doadamente ô resto do mundo, porque pra nada precisaban de il.

O pazo da familia Lourenzo tén unha disposizón moi imitante. Patio central ô que desembocan as portas das cortes e un único andar, que abre por tres lados sobre o patio un corredor de madeira, estando o coarto ocupado por un pendello que serve de leñeira, Dividido hoxe o edificio entre varios herdeiros, perdeu da sua primitiva destribuzón interna. Conserva así e todo, a sua planta rectangular, alongada cara ô leste, posibelmente por engádegas posteriores, a cociña de dilatadas proporciós e a tulla de pedra. O esterior, e pol-a parte do meiodía, ostenta dous fermosos balcóns saedizos (fig. 20).

As casas labregas de Calvos non están lixadas nin pol-o americanismo nin pol-a infruenza das costruzóns vilegas, doenzas que pouco a pouco van matando a nosa enxebre arquitectura rural. Sobre a estrada recentemente aberta non se ergue ainda ningún odioso edificio de traza cibdadán. Non hai taupouco chalets suizos de tellados bicudos, nin terrazas nin barandas de alen mar; non hai siquera balcóns de cemento. Alcontrámonos pol-o tanto n-un lugar onde non chegaron os infruxos lamentabeles dos derradeiror anos, mais que conserva en troques, moi felizmente, vestixios e lembranzas de un pasado remoto que permite seguir con facilidade os progresos sucesivos de unha evoluzón arquitectónica.

Eisisten en Calvos moitas casas vellas cuia antiguidade apréciase pol-a feitura dos paramentos e pol-o gastado das pedras. Istas casas hai xa tempo que foron, na sua maor



Fig. 20—Balcóns do pazo da familia Lourenzo

parte, abandoadas pol-as familías que as habitaban i-están oxe destiñadas a palleiras, tendo sufrido na sua estructura interna as modificazóns conseguintes a tal troque de destiño. A sua veira érguense construzóns mais modernas de feituras diversas e todas elas habitadas na actualidade.

A observazón de iste complexo consinte unha clasificazón tipolóxica que se axusta esactamente a unha cronoloxía relativa e que deixa dexergar, como xa dixemos, unha evoluzón arquitectónica.

Os tipos clasificados son:

a) Observado n-unha palleira que hai a carón da eirexa parroquial (fig. 21). Pol-a sua planta oval (fig. 22, *a)* acornellada somente n un recanto que se apoia sobre unha peneda, ven ser casi idéntica a moitas casopas das citanias, imitándose asimesmo as *pallozas* do Cebreiro.

Descoñecemos a disposizón interna de ista clás de casas, anque supomos que consistiría n-unha sinxela división de estacas ou de taboas que afastaría a parte destiñada a cociña e dormidoiro da reservada pra corte do gado.

b) Observado en varios lugares (fig. 23). Tén planta rectangular con recantos nidiamente angulares e unha soia porta (fig. 22, *b)*.

A metade destiñada âs persoas, onde están as cociñas e as camas, sepárase da corte por un valado de estacas e ramallos ou por unhas taboas. Ista división vai provida de un cancel.

c) Observado principalmente n-unhas palleiras que hai por baixo do coto da Laborada (Lám. XII). Tamén de planta rectangular (fig. 22, *c)*.

Diferénzase do tipo anterior en ter duas portas que comunican respestivamente ca cociña e ca corte. A división faise por meio de unha parede de pedra.

d) Un grupo moi interesante de casas de iste tipo eisiste â entrada da vila, na beira ezquerda da estrada de Bande (fig. 24 e lámina XIII).

Representa un evidente progreso sobre as formas anteriores. A planta, algunhas veces, e case cadrada (fig. 22, *d)*. Hai xa planta baixa onde están as cortes, divididas en ocasiós por valados de estacas ou de madeira e un andar con cociña e dormidoiro ou dormi-

Lám. X.—Lugar do achádego do acobillo de machados de alvado.

Lám. XII.—Casa do tipo c).

Lám. XI.—Portada do pazo da familia Texada

doiros, que se comunican co esterior por unha escaleira de pedra que remata n-unha especie de plataforma ou patamal.

e) Observado n-unha casa de recente costruzón que hai por riba da eirexa parroquial.

A planta é rectangular (fig. 22, *e*) e a estructura interna identifícase ca peculiar do tipo de soláina predomiñante no sul de Galiza. A plataforma ou patamal da forma anterior medrou deica convertirse en corredor con barandela, sostido por canzorros que apoian no chan. Consérvase a escaleira, anque mais alta e desenvolta. As cortes seguen ocupando a planta baixa, e no úneco andar a cociña, os dormidoiros e outras dependenzas, ordeándose xa de un xeito compricado e que varía asegún os casos.



Fig. 21.—Casa do tipo a)

f) Témolo ollado en moitas aldeas galegas. En Calvos observámolo soio na estrada de Bande, a carón do grupo de casas do tipo d) (lám. XIV).

Caracterízase (fig. 22, *f)* pol-a desaparizón da escaleira esterior como nas casas da vila e a solaina convírtese n-un balcón que colle todo o frente da fachada. As cortes dispóñense n-unha dependenza lateral ou na parte posterior do portal, dividida c-un muro de pedra ou con taboas, quedando no andar a cociña e as outras habitazóns.

Non quixéramos xeneralizar demasiado os resultados do noso estudo, mais tendo en conta que as costruzóns do tipo *b)* e *c)* eisisten n-outros moitos lugares de Galiza, coidamos que partindo de elas poderían quizais espricarse as casas sen solaina, correntes no centro da nosa rexión, como poderían espricarse as casas mariñeiras con patin partindo do tipo *d)*. Quedan pois indicadas tales suxerenzas pra seren sometidas a unha rigorosa comprobanza.

A coberta das casas de Calvos, disposta case que sempre a duas augas, varía ô compás dos tipos, sendo de colmo os mais antigos e sinxelos, e de tella curva os mais modernos. Hai tamén algúns eisemprares mixtos, colmados no alto da coberta e con tella nos bordes.

Contrariamente o que pasa na maor parte das casas labregas galegas, nas que o fume das cociñas sai o esterior por fendas dispostas no tellado, alcontramos en Calvos fartura de chemineias, forradas case de cote con planchas de folla de lata, aproveitadas xeneralmente de envases de aceite ou de petróleo. Os tipos mais correntes son os que van reproducidos na figura 25. Merece destacarse o sinalado ca letra *c)*, provido de un garda-chuvias xiradoiro que se carea contra o vento por meio de unha veleta en forma de galo.

As portas e fiestras ou son taboleiros lisos ou están imitados de modelos cibdadáns. No pazo dos Texadas consérvase así e todo unha fermosa fiestra (fig. 26) e no pazo da familia Lourenzo o petador, tiradoiros, caravillas e pechaduras que se reproducen na figura 27, e que deben ser obra dos ferreiros de Calvos, famosos outrora e hoxe compretamente desparecidos.

A cociña é ainda na maoría das casas a principal dependenza. N-ela cómese e n-ela pásanse as horas do longo inverno. A lareira, que preside a vida toda da cociña, é de feitura rectangular ou cadrada, feita con grandes lousas que sobresaen do resto do piso.



Fig 22.—Tipos de casas labregas en proieizon isométrica

No pazo dos Texadas as chemineias apóianse en colunas de pedra por efecto da magnitude do lar. Perto do lume colócase o trasfugueiro (fig. 28) e a gramalleira, prendida as veces no istrumento chamado burro (fig. 29).

Arredor da lareira están os escanos, por veces con capoeiras por baixo (fig. 30), destiñadas a engordar os capóns, e mesas e bancos de formas usuaes en toda Galiza.

O resto do moblario das casas que visitamos é de tenda ou carece en absoluto de intrés. Compre destacar así e todo as fermosas mesas talladas das figuras 31 e 32 e as camas, silla e alacena das figuras 33 e 34.

As vasixas que se usan en Calvos veñen todas de fora. Ollamos moitos tipos de Niñodaiga e algúns portugueses.

Os candís, faroes e demais aparellos de iluminazón son tamén fabricados fora e presentan as feituras usuaes entre os follalateiros de Ourense. Empréganse xa con certa intensidade pequenas lámparas de acetileno.

Entre as costruzóns anexas a casa merece menzón o forno (fig. 35) disposto algunha vez na cociña, do xeito tradizonal que se ve xa n-algunha casopa da citania de Santa Trega e outras n-un coarto aparte, laxeado en ocasiós.

Non vimos airas enlousadas. As que eisisten son de terra, que se endurece denantes da malla con auga e bosta de vaca. Tampouco hai cabaceiros ou canastros por non precurarse o millo n-ista alta porción do val do Salas.

As augas pro servizo das casas manan de puzos ou de fontes. Os primeiros son cilíndricos e presentan a feitura usual e corrente. A fonte pública, emprazada ó pé de un

peto do que logo imos ocuparnos, ten unha disposizón curiosa (fig. 36). Pol-o seu tipo debe clasificarse entre as cistas de pedra c-un lado aberto, frecuentísimo en toda Galiza, e de tan vella tradizón no noso ámbito cultural, que un eisemprar idéntico ôs actuaes apareceu, co seu correspondente canle na citanía de Briteiros. No caso de Calvos adicionouse â cista unha pia de pedra pra beberen o gado, que se enche por meio de un cano de ferro. No patio do pazo dos Texada hai unha fonte, notabele pol-a graciosa cabeza na que se inserta o cano, e que nos pareceu obra de un canteiro portugués (fig. 37).



Fig. 23.—Casa do tipo b)

A EIREXA E OUTRAS COSTRUZÓNS DE CARACTER RELIXIOSO.—A eirexa de Calvos é un edificio grande e sólido do século XVIII, inespresivo, frío e sen ornamentazón apenas (lám. XV). Pertence a un tipo que se repete moito nos concellos veciños de Porqueira e Muiños. No seu interior apesares de nos ter franqueado amabelmenle o ilustrado Sr. Abade a sacristía e os armarios, non ollamos cousa de intrés. Hai uns pequenos retablos barrocos de mérito escaso e xogos de farois de folla de lata, que reproducimos pol-o seu sabor popular (fig. 38).

A primitiva eirexa parroquial erguíase no lugar que oxe ocupa un dos eidos diestrales. Debía ser románica e de ela proceden seguramente tres dos canicelos que sosteñen a tribuna (fi g 39).

O camposanto está no adro. Nas campas sepulcraes osténtase somentes o motivo da cruz, que reviste múltiples variantes (fig. 40). De iste conxunto sobresae pol-a sua maor riqueza decorativa a estela sinalada ca letra *h*, na figura 40. Aparecen n-ela a cruz, un co-



Fig 24.—Casas do tipo d)

razón, dous floreiros; dn unha admirábele ixenuidade, e o sino esteliforme, coñecido xa nas pedras castrexas e nos monumentos funerarios da época romana. A estela en custión está policromada.

As outras costruzóns de carácter relixioso alcóntranse entre a Laborada e a plaza do Eirao. Por baixo mesmo de aquil coto eisiste unha cruz de madeira posta n-un basamento de pedra e diante de ela un rudo trilito en forma de mesa (lám. XVI) que se utiliza como altar nas procesións que por alí pasan.

Algo mais abaixo alcóntrase un peto adicado as ánimas (lám. XVII). O seu pórtico longo e o seu frontón triangular, danlle trazas de edículo roman. Situado no comenzo do



Fig. 25.—Tipos de chemineias

antigo camiño que leva a Lima, e cuio trazado segue en parte a estrada de Bande, e posto ademais perto da fonte pública, fai sospeitar se as actuaes almiñas non serán sucesoras de algunha divindade antiga, *lares viales* ou ninfas, que tan veneradas foron na Galiza.

Na plaza do Eirao érguese un cruceiro. Foi feito, asegún reza unha inscripzón que tén no pé, no ano 1769. As proporzóns da obra son elegantes e airosas e as esculturas de Noso Señor e da Virxe, que aparece de pé, son bastante correctas, notándose os infruxos dos modelos que seguramente inspiraron ô artísta canteiro (figs. 41 e 42).

A XENTE.—Os curtos días que pasamos en Calvos non-os permitiron facer observazóns detidas nin sobre o tipo físico nin sobre o carácter e psicoloxía dos seus habitantes. Preferimos confiarnos n-istes respectos, o superior conocimento do culto mestre nacional e antigo amigo noso D. Plácido González López. De il proceden pol-o tanto os mais dos datos que primeiramente imos consinar.

A xente de Calvos é mais bén baixa; a estatura meia dos homes debe andar pol-os 1'62 ou 1'63 metros. O cráneo é xeneralmente dolicocéfalo, e son leptoprosopos e leptorrinos. O índice de robustez é bó, abondando os perímetros torácicos superiores a 90

centímetros e os pesos de mais de 64 kilos. Iste índice milloraría ainda c-unha mais coidada hixiene intantil e c-unha alimentazón mais variada e nutritiva. Pol-o que toca â pigmentazón predomiñan notabelmente os ollos e os cabelos castaños e os tonos rosados e pálidos na pel, morena soio nas partes espostas a intemperie. Parécenos notar unha menor proporzón de ollos craros que a que eisiste na maoría dos lugares de Galiza.

A afabilidade no trato, isa afabilidade galega que mereceu gabanzas admirativas de moitos estranxeiros, alcóntrase en Calvos non ben se pon un en contacto cos seus habitantes. Son corteses sen homildade escesiva, discretos sen afectazón, obsequiosos sen rebaixamento e pacíficos sen cobardía.

O sentimento relixioso, non eisento do fondo panteista que acochan sempre os galegos, áchase n-iles moi vivo i-entorgado. Cumpren cos preceptos da eirexa e respetan ôs cregos mais do que adoitan seren respetados n-outros pobos da nosa rexión. Craro está que os contos picarescos relativos ôs abades, as amas e as sobriñas circulan tamén por alí, mais non lle dan un creto escesivo e teñen de cote pronta pra disculpalos a coñecida frase: «Por fin, os cregos son homes coma nos».

Fenómenos simpáticos son a considerazón con que son tratados os criados nas casas ricas e os probes en todas partes, e a tolerancia que se observa cos afiliados a comuniós relixiosas non católicas. Os pastores evanxelistas fan n-istes derradeiros anos activa propapaganda no partido de Bande e chegaron a sacar pra sua crenza, núcreos de certa importanza n-algunha parroquia. Con viva satisfaizón comprobamos que istes protestantes non son hostilizados nin molestados no mais mínimo. A vila de Calvos veñen frecuentemente labregos e industriaes evanxelistas que son acollidos por todo o mundo como se foran católicos. É iste un feito que se repete en Marín, en Silleda e nos demáis lugares de Galiza, onde os pastores da Reforma estabreceron eirexas, sen que por elo se alcendan xenreiras de tellas abaixo. E coidamos que tal toleranza debeu eisistir sempre e que ela esprica o pouco éisito que tivo entre nós o Santo Oficio.



Fig. 26.—Fiestra no pazo da familia Texada.

N-íste cadro lumioso non fallan así e todo as pinceladas mouras. A mais lamentábele cicais é a preguiza, ou pra falar con mais propiedade, o cansanzo que prende nos labregos. Eiquí, como na maor parte das nosas aldeas, obsérvase que o home está desinteresado do seu oficio. Pechado n-unha rutina secular, farto de realizar as mesmas labouras nas mesmas épocas e cos mesmos istrumentos, vendo que as colleitas, por falla de renovazón de métodos e de cultivos, van a menos, entrégase a un desespranza tumbona e nugallá e non olla outro fito que a emigrazón a América ou o xornal nas minas das Asturias ou nas obras públicas. I-en calquera de istes sitios e sobre todo en América, esperta a enerxía concentrada e a enorme capacidade de traballo dos que aiquí esmorecían, faltos de estímulo. A soluzón do problema está seguramente en encauzar dentro da terra a actividade latente e hoxe perdida. A agricultura precisa renovarse pra non morrer, como o precisan todal-as cousas. Mais como non é iste lugar apropósito pra sinalar soluzóns concretas, deixamos soio consinado o feito que con fondo delor apalpamos unha vez mais, ata a carne viva, na vila de Calvos.

A moral, pol-o que toca as relazóns sexuaes, sofre eiquí o mesmo relaxamento que

no resto de Galiza. Os casos de mozas solteiras que teñen fiilos son relativamente frecuentes. A moza que é mai perde no seu creto, mais ninguen a aldraxa nin-a despreza por tal causa. A maor parte de elas remata por se casar ou co pai do seu fillo ou con otro home. O ser mai, de solteira, non é unha disgraza irreparabele, nin unha pauliña pra toda a vida. O esprito agudo e certeiro dos nosos mozos sabe das múltiples oportunidás que ofrecen ô pecado as liberdades do vivir labrego, e se o amor prende, deixan a un lado preocupazóns e prexuicios. As malas solteiras son xeneralmente escelentes casadas, tan escelentes casadas, que, en Calvos, os adulterios son rarísimos.

Sinalaremos por cabo un vicio importado: o da blasfemia, por disgraza bastante corrente. E diremos pra honra do noso idioma, que todal-as frases e palabras que feriron os nosos ouvidos foron pronunciadas en castelán. Temos a seguridade de que en Galiza non se inventou unha soia blasfemia. As que se oucen introdúcense co idioma oficial, cos americanismos, co argot das minas e das estradas. O coal non é obstáculo pra que os cregos prediquen ôs seus freigreses na mesma lingoa en que istes blasfeman.

O NACIMENTO, A MORTE, O CASAMENTO.—Poucas cousas de intrés recollimos n-istes respectos. Os costumes que rixen o ceremonial dos actos mais importantes da vida, en case nada se separan dos habituaes no sul da nosa rexión.

Non eisisten prácticas supersticiosas relazoadas con embarazo, e somentes respé-



Fig. 27.—Petador, tiradoiros, caravillas e pechaduras do pazo da familia Lourenzo

tanse moito os antoxos das mulleres que se alcontran en tal estado por medo de que o antoxo non cumprido as faga malparir.

No parto poñen un santo na habitazón da parturenta que é ausiliada por outras mulleres da vecindade, entre as que sempre hai algunha que ten sona de entender mais que as outras do asunto.



Fig. 28.—Trasfugueira, no pazo da familia Lourenzo.

Os bautizos fanse sempre no domingo seguinte do parto. Os padriños do primeiro fillo son frecuentemente os da boda dos pais. A madriña adoita regalar unhas libras de chiculate e o padriño paga os dereitos de pé de altar e a propina do sancristán. O recen nacido non se lle pon nunca mais que un nome. Despois do bautizo os pais do rapaz danlle unha convidada ôs padriños

Os fillos das solteiras lévanse a eirexa caladamente e sen ningunha solenidade.

Cando morre unha moza ou mozo, póñenlle no cadaleito unha coroa ou un ramo, que pagan os mozos. Se a morta é unha rapaza, son os mozos os que a conducen ô camposanto e as suas compañeiras levan as fitas da caixa, que vai forrada c-unha tela azul. Se o morto é un rapaz, tamén vai conducido por mozos, e n-un e n-outro caso teñen istes a costume de pagar responsos.

Pros enterros dos casados ou persoas de edade eisiste unha asociazón (Irmandade) que cotiza e que ten que pagar a cera, o enterrador e os homes que levan as insinias. Os demáis gastos son por conta da familia do morto. No acto da conduzón, inmediatamente detrás do cadaleito, vai unha muller vestida de loito que leva na cabeza unha cesta con pans, adornada con fitas negras, e no brazo un gueipo que conten unha merendiña, case que sempre un anaco de pan, e c-unha vela pasada pol-a asa. Chámase a todo isto *a ofrenda*. O pan da cesta repártese entre os probes despois do enterro e a merendiña traise outra vez pra casa do morto.

Cando un mozo gusta de unha moza, dícello de palabra ou esprésalle o seu sentir con cántigas alusivas. Por veces é a moza a que se insinúa facéndose a alcontradiza, falando e rindo moito co obxeto da sua preferenza i-empregando todol-os meios que se lle ocurren ô seu desexo de agradar.



Fig. 29.—Burro e garamalleira ríxida, no pazo da familia Texada.

Como é usual n-outros moitos lugares da provincia de Ourense, as rapazas teñen simultaneamente cantos mais mozos poden. Da que ten moitos dícese que *ten estimanza*. Dáse correntemente o caso de que varios de iles coinciden a cortexar na casa da moza. Estabrécese entón un turno pro parrafeo e mentras un fala os outros agardan. Iste costume practícase tan naturalmente i-en tan boa armonía que case nunca da lugar a rifas nin a pelexas.

Rara vez trátanse as bodas entre os pais. Os matrimonios concértanse entre os noivos i-é o mozo o que vai a pedir â moza. Soio entre as familias de bo



Fig. 30.—Escano con capoeira, no pazo da familia Lourenzo.

acomodo interveñen os respeitivos proxenitores pra se por acordo no que cada un vai dar o seu fillo, no caso de que o novo matrimonio poña vivenda a parte.

Cando un mozo casa fora do seu lugar ou parroquia, cousa que ocurre con grande frecuenza, ten que pagar o viño ôs mozos da vecindade da sua noiva, na víspera da boda.

Celébrase ista na parroquia da moza e asisten as familias e achegados. Ca noiva van duas amigas, o xeito de acompañantas de honor e co noivo dous mozos, que ostentan o mesmo carácter. Despois de celebrada a ceremonia, hai convidada na casa da moza, na que son manxares obrigados o carneiro e o roscón, que regala case sempre unha amiga da noiva.

Logo hai baile, con música ou con gaita, asegún os posibeles do noivo, que é quen a paga.

Os padriños regalan xeneralmente ôs afillados prendas de roupa.

Contrariamente ô que ocurre en terras de Celanova onde é mal visto que os recén casados se axunten deseguida do matrimonio, continuando a vivir separados oito ou quince días, en Calvos axúntanse case que sempre en canto a boda se celebra.

A MANTENZA E O VESTIDO.—O falar do réxime de alimentazón referímonos, como é natural, ô que se usa na maoría das casas de Calvos, nas dos labregos de meiano acomodo. As familias ricas teñen mais fartura e refiñamentos e as totalmente probes, que son moi poucas, gobérnanse ainda con maor estreitura.

Fánse pol-o xeneral tres comidas: desauno, xantar e cea.

No desauno tómase caldo do que sobra do dia anterior, leite con pan ou con augardente.

No xantar, caldo, touciño, cachelos e pan, e na cea, caldo e patacas c-un mollo feito con auga, aceite, pemento, allo e cebola.

Nos días en que hai festa, boda ou algún outro acontecimento, cómese sopa de fideu ou arroz, cabrito, carneiro, chourizos, cachucha, roscón e o imprescindíbele arroz con leite ou arroz doce. N-istes días, no canto do pan de centeo habitual, consúmese pantrigo.

A xente de Calvos viste enteiramente a moderna. Os mozos usan moitas veces polainas de coiro ou vendas de pano. O calzado de diario é o borceguí con piso de madeira

Lám. XIII.—Casa do tipo d)

Lám. XIV.—Casa do tipo f)



Fig. 31.—Mesa, no pazo da familia Lourenzo



Fig. 32.—Mesa, no pazo da familia Texada



Fig 33 —1. Cama estilo Imperio.—2 e 3. Cama e silla de estilo galego. No pazo da familia Teixida.

(chanca). Pra andar pol-o lugar e pol-os eidos nos dias de chuvia, póñense ainda os homes a capa de palla chamada coroza.

O TRABALLO DA TERRA.—Os eidos cultivados teñen en Calvos unha rica onomástica: Chámanse: *Espide, Serdá, Os Ollos, Touza redonda, O Agro, O Alguilgue, A Moruxa, Pena Vide, As Trochas, Cancelo, Rendeiro, Vilmoi, A Corga, Carrelos, Bornedo-Porta Cova, A Coutada, Mamoelas, Os Currás, As Ordes, A Cancela, Lama de Cerva, Os Cadabullos, Folgueiras, Canellón, Recanto, Lamadollo, As Chedas, A Cubela, Outeiriño Coedo, A Rocha, Porto Regueiro, Os Lameiros, A Ribada, Cachatreixa, Cortiña do Forno, Fonte do Carballo, Pombal, Ermita, Os Palleiros, A Sainza, Os Diestros, Os Chaos, O Rial, Cortiña gronde, O Terreo, Fondevila, A Debesa* e *Canellón.*

Precúrase o centeo e as patacas alternando o seu cultivo nas terras boas. Nas ruins ou lixeiras faise a mesma alternanza deixando un ano o eido a poula entre colleita e colleita. Hai tamén moitas hortas con legumanzas, en especial coellas, con algunhas mazairas e cerdeiras.



Fig. 34 -Alacena, no pazo da familia Lourenzo

O istrumental agrícola é de tipo primitivo. O arado é o roman (fig. 43). A forma e nome dos outros uteis van espresados na figura 44.

A malla do centeo e a limpa do grau, fánse case sempre a máquina. Abónase con esterco das cortes, que se estran con toxos e con carpazas.

O carrexo faise no carro do país (fig. 45) que en Calvos é mais pequeno que n-outros lugares de Galiza. A feitura das rodas é igoal â que ostentan os carros limiaos. Pol-a parte de fora van istas rodas pintadas de roxo asegún se estila no val de Monterrei.

A CRIANZA E COIDADO DO GADO.—É a gandeiría a principal riqueza de Calvos que ten no seu termo bos pasteiros, prados lenturentos e comunaes dilatados. Chámanse istes montes: *A Carballa. Toxos de Barrio, Canizos, Campo de Forcaaos, A Veiga pequena, Teixugueiras, Monzón, Celeiriños, Chaira, Pondre dos Muiños, Lama de Cucos, Veiga dos Corzos, A Curela, Fonte do Cipitelo, A Queimada, Penedo da Virxen, Pondres dos Pasaxeiros, Corgo do Carro, Penas Altas, Peneda que toca, Lobagueira, Pedra da Ferradura, Grilos, Ponduriñas, Outeiriño verde, Peneda do Chapeiro, A Portela, Padieira, Lombo, As Poldras da Telleira, Portocelo, As Carballiñas, A Veiga, Pedrouzos, Pousadoiros, Fonte de María Vella, Ponte da Tata, Uzal, Muiño de abaixo, Malladoira, Outeiro de Lopo Pais, Cortiña da presa, A Portela, Ouceira, Grususau, As Cortiñas, Porta de Carros, A Fonte da tia Farruca, O Forte, O Salgueiro, A Lomba, Outeiro de Cailán, As Ladeiras, Porto Gonzalo, Dornes, Penedo do Tecelán, Fonte do Marco, A Carpinteira, Torre Bieito, Poza da Lagoa, Niño do Corvo* e *A Bibilla.*



Fig. 35.—Forno, no pazo da familia Texada

O gado sácase ô monte nas horas frescas pol-o vran e de inverno cando a chuvia e a neve o permiten. Na corte dáselle pra comer herba verde ou seca, ou forraxe (ferraña ou ferraia). Os nabos, usados on toda Galiza como planta forraxeira, non se cultivan en Calvos.

A avenza ou viceira, cabras e ovellas, pace no monte, onde non deixa medrar un soio albre.

Os porcos, de raza celta, cóidanse como no resto da nosa rexión.

A raza bovina, indíxena en todo o val


Fig. 36.—A fonte pública

Fig. 37.—Fonte, no pazo da familia Texada.



Fig. 38.—Farois da eirexa parroquial

Fig. 39.—Canicelos da eirexa parroquial



Fig. 40.—Campas sepulcraes do adro

Fig. 41.-O Noso Señor do cruceiro.

do Salas e na maor parte do distrito de Bande, e a minhota, pequena, de cara cóncava e de grandes cornos en forma de lira. Sobre iste fondo actuou en Calvos un semental de raza Swift, que foi enviado pol-o Estado. Iste semental morreu hai tempo e os seus productos crúzanse agora co *bos ibéricus* (limiao) e con eisemprares de raza mirandesa. O resultado de todos istes cruces, cicais pouco meditados, non sabemos cal poiderá ser. A infruenza do semental Swift déixase sentir na cantidade de leite, que aumentou, sen que a calidade houbera debecido. Mais por outra parte ten habido epizootias locales que quizais sexan debidas â falla de resistenza nos híbridos das catro razas que atrás enumeramos.

Fig. 42.—A Virxe do cruceiro.

Hai tamén en Calvos cabalos e eguas de grande alzada e fortaleza.

A MEICIÑA POPULAR.—A nosa colleita n-iste respeto foi fraca. A cencia de curar por procedimentos tradicionaes, mais o menos tinguidos de maxia ou de devozón, debe estar acochada nas prácticas de algúns manciñeiros. Infelizmente non poidemos falar con ningún e ainda coidamos que non eisisten na vila de Calvos.

Os remedios que nos foron enumerando os nosos informadores asemellan ser as mais das veces lembranzas da terapéutica médica. Úsanse moito as fregas, as cataplasmas de fariña de liñaza e âs parturentas fanas paseiar pra acelerar o parto.

Como prácticas menos ortodoxas recollimos soio as seguintes:

Pro door das moas.—As mulleres fuman pitos.

Pro reuma.—Dánse unturas co unto das serpentes.

Pra torticolis.—Dórmese ca molida de unha vaca apegada o pescozo, sendo mais eficaz o remedio se a molida conserva o calor do animal.

Pros furunchos.—Apricanse follas de tantaxe, de tira e de silva, e pra impedir que *collan a má* (que se asañen) co fumo das cociñas, emprégase a fror do sabugueiro.

Pra tos das vacas.—Dáselle a comer a camisa de unha serpe, misturada con algún alimento.



Fig. 43.—O arado e a sua nomenclatura



Fig. 44 -Istrumentos de labranza e a sua nomenclatura.







Fig. 45.—Esquema do carro e a sua nomenclatura

COLLEITA FOLKLÓRICA

SABEMOS que varias das cántigas, romances, adeviñas e refráns que acadamos en Calvos non ofrecen a menor novedade, que foron recollidas xa n-outras localidades e que viron a luz en libros ou revistas, mais coidamos que toda contribuzón folklórica debe enxergarse fitando pro panorama xeneral da rexión etnográfica obxeto de estudo, no que as estensións e inzamentos de cada tema teñen o seu lugar e a sua importanza.

Coidamos comenente por elo pubricar íntegro o material recollido, suprimindo soio aquelas cousas que pol-a sua obscenidade deben reservarse pra un apéndice do *Corpus do folklore galego* que o noso Seminario anda a preparar.

Foron os nosos informadores o culto Mestre Nacional D. Plácido González López, e os nosos amigos de Calvos D. Luis Texada, Xosé Blanco, Saturnino Lousada, Enrique Vázquez, Edmundo Lourenzo, Eduardo Ulloa e Arturo Vázquez, merecendo espezal menzón Hipólito Pérez, home de esprito comprensivo e curioso, que facilitou grandemente a nosa laboura. Utilizamos tamén a contestazón a un cuestionario etnográfico presentado pol-o aluno do maxisterio D. Xosé Alvarez ô seu profesor Sr. Risco.

Vaia pra todos o testimonio da nosa gratitude.

O DEMO.—En Calvos identifícano co trasno e co tardo, presoaxes ben diferenzados pol-o xeneral no noso folklore.

O derradeiro atribuieselle o seguinte feito, que ten todol-os caracteres de ser obra do trasno:

«De unha vez viña o tio Roxo do muiño dacabalo da sua besta e foi o tardo e doulle a volta ô aparello, e o tio Roxo chegou â casa ca cabeza pra baixo e cos pés pra en.iba sen se dar conta de que iba n-aquela postura».

OS TESOUROS.—Teñen sona de telos *O penedo que toca,* ô que xa lle meteron un barreno, pra ver de asoellar o ouro, e o *Penedo do Tecelan,* chamado asina porque dentro de il óuvese o ruido de un tear.

OS MOUROS.—De iles é unha fonte chamada *Fonte do Cipitelo* ou *Fonte dos Mouros,* cuia auga recóllese pra beberen os enfermos.

N-outra fonte que hai ô norte e por baixo das Penas Altas, sai unha moura que pon a asoellar meadas de liño. Por elo chámanlle ô sitio *A Fonte da Moura*.

Os outros contos de mourindade que recollimos localízanse o pé da anta de que xa falamos e que se coñece co nome de *Casa da Moura*.

E en realidade un soio conto con duas variantes.

«Era un probe que ía a mañá cedo pra freira do 12 e o pasar pol-a Casa da Moura saíu-lle un mouro e perguntoulle:

—¿E logo, pra onde vai?

—Voulle pra feira mercar uns porquiños.

—¿E ten moito diñeiro pros mercar?

—Ai, siñor, eu diñeiro téñole pouquiño.

—Boeno, pois vas a feira e mercas dous porcos dos millores que haxa, i-esperádesme alí, tí e mais os que chos vendan. E despois vou eu, e págollos.

E pasou todo asegún dixera, e o mouro quedouse c-un porco e o home con outro.

I-enton o mouro díxolle o home:

—Mira, todal-as mañás cedo trasme eiquí meio neto de leite. Ti non chames por ninguien. Déixamo n-iste sitio sinalado que xa terás n-il un peso todol-os dias. E asin sigues sempre. E ten tino de non decir nada a ninguien, que istas cousas non se poden decir.

E por moito tempo o home levou o leite e colleu os cartos.

Mais a sua mua muller sempre lle andaba dicindo:

—¿Dónde che veñen os cartos? Porque denantes non tiñamos case que ningús e agora temos moitos. Ti tes que ter unha amiga que chos da.

E o home contestáballe:

—Non muller, non. Ti cume e bebe e a min déixame, que eu non teño amiga ningunha.

I-ela volvía a porfiar:

—Pois ti tesmo que decir, que de algún lado che veñen.

E tanto porfiou e tanto fixo que por rematou por llo decir.

Veu pro outo dia a mañá, e o home foi co leite, mais ô chegar ô sitio sinalado, en vez dos cartos atopou un corno c-un letreiro que decía:

Falaches,
corneaches».

N-a outra variante é unha moura que lle saía a unha nena que andaba no monte perto da Casa da Moura.

No canto do leite, dille que lle leve pan, e a que porfía por saber de onde veñen os cartos é a mai da nena.

No restante son idénticos os dous relatos.

CONTOS

O XOGADOR E A FILLA DO DEMO.—De unha vez era un home que tiña grande capital, mais como era moi xogador perdeuno todo, e cando soio lle quedaban na casa mil pesetas, foi e dixo pra contra sí:

—Pois pra mil pesetas que me quedan vóunas xogar tamén a ver si gaño outras mil.

E perdéunas o mesmo que as outras.

Lám. XVI.—Mesa, no coto da Laborada

Lám. XV.—Eirexa parroquial



Lám. XVII.—O peto das Animas

O home, de tan relaxado como estaba, foi e pediulle a Dios que se lle presentase o demo e que lle dese unha baraxa pra gañar sempre con ela.

E o demo presentouse e díxolle:

—Toma ista baraxa e vai xogar, que sempre que xogues as gañar, soio que ô fin de cinco anos tesmes que ir faguer unha visita.

O cabo dos cinco anos o home, con moita pena, púxose ô camiño pra lle ir faguer a visita ô demo, e iba chorando.

E foi enton e saíulle unha señora e falaron:

—¿Pra onde vas que tanto choras?

—Non hei chorar se lle vendin a ialma ô demo, e agora voulla entregar.

E díxolle a señora:

—No teu camiño has alcontrar un rio e ô rio han de chegar catro palomas brancas que se ispirán das suas prumas. Son catro mozas que se van bañar ô rio. Ti fíxate na mais branca e cando estean todas na auga, vas e cóllesIle a roupa, escóndeslla e non lla deas hastra que se marchen as outras tres irmás.

Aconteceu tal e como a señora dixera e cando se marcharon as outras tres irmás, a que quedaba díxolle ô xogador:

—Vólveme a miña roupa.

—Se me non libras de lle dar a miña ialma o demo non cha dou.

—Vólvema que eu heiche librar de calquer promesa que fixeras.

Despois foi íl onda o demo que lle falou:

—Se fas tres cousas que che eu mande quedas libre. A primeira é ir plantar agora unha viña, quitarlle deseguida as uvas e traguerme o viño pro xantar das doce.

O xogador foise chorando onda a moza, que se chamaba Blancaflor, e contoulle o que lle pasaba.

E díxolle ela:

—Vai dormir e non teñas pena.

Non ben adormecera, despertouno Blancaflor e faloulle:

—Toma o viño e levao.

O demo veu o viño e púxoselle o xogador:

—De ista estás libre, mais imos ver como te libras da outra. Agora mesmo vas sementar o trigo, régalo, mállalo e tráesme o pan pra xantar âs doce.

O xogador foise chorando onda Blancaflor que lle dixo:

—Déitate, durme e agarda.

E de alí a pouco veu co pan e o home levoullo ô demo.

O demo mirou pro pan e faloulle:

—De ista tamen libraches, mais imos ver como libras da terceira. Vas ir ô fondo do mar pra traguerme o anel da miña tartaraboa.

E o xogador volveu ir chorando onda Blancaflor.

E díxolle ela:

—Agarra ista barreña, pícame en talladas e bótame ô mar. Ten tino dispois cando suba pra riba, que se che berro tres veces e ti non me contestas estamos os dous perdidos.

Fixo il como ela lle ordeara, mais cando volveu pra enriba, ôs dous primeiros berros non lle contestou e soio lle respondeu ô terceiro.

E díxolle ela:

—Pensei que xa quedaras durmido. Toma o anel e levao.

O demo mirou pro anel e faloulle:

—O que te salvou a ti foi a Blancaflor, que é miña filla.

E quedou rosmando.

Mais o xogador e a Blancaflor ordearon de se casar e de dormir xuntos aquela mesma noite.

E o demo que o supo, pensou en matalos ós dous; mais a Blancaflor adiviñouno i-encheu de cuspe o coarto en que se iba a deitar co seu mozo. I-ela e o seu mozo fuxiron.

Chegada a noite o demo falaba ca Blancaflor e o cuspe respondíalle e coidaba que estaba dentro.

E alá pol-as duas ou tres da mañá, foi e soltou unha roda de navallas barbeiras sobre a cama en que habían dormir os dous, mais como iles non estaban, non-os mataron, e cando foi o demo a ver se xa estaban mortos veu que non había ninguén na cama i-enrrabexouse moito e marchou a contarlle o que pasara â sua muller.

E díxolle a muller:

—Colle un cabalo e corre atrás de iles.

Porque o demo tiña tres cabalos. Un corría como a vista, outro corría como o pensamento e o terceiro ainda corría mais. O que corría como o pensamento levárono Blancaflor e o seu noivo e o demo colleu o que corría mais e botou atrás de iles

A Blancaflor e o seu noivo xa chegaran a moita distancia cando foi ela e dixo:

—Alá ven meu pai. Estamos perdidos.

E foi e volveuse parra e as uvas, e o cabalo a lata, e o xogador púxose a vender uvas.

Cando chegou o demo preguntoulle ó que vendía as uvas e falaron:

—¿Il veu pasar por aiquí un señorito e unha señorita a cabalo de un cabalo?

—¿Quére uvas? Sonlle boas. A can son as uvas. A can.

—Váiase fastidiar.

E o demo marchou pra casa e ó chegar díxollo a sua muller.

—¡Ah, lapón! A lata era o cabalo, a parra cas uvas a Blancaflor e o home o seu noivo. Corre a ver se ainda os colles.

E o demo volveu a correr.

Iles seguiran camiñando algún tempo. Mais de pronto dixo a Blancaflor:

—Alá volve vir meu pai.

E foi e volveuse eirexa, e o cabalo os santos, e o home púxose a tocar â misa.

Cando chegou o demo preguntoulle ô que tocaba a misa e falaron:

—¿Il veu por aiquí un señorito e unha señorita a cabalo de un cabalo?

—Tocan a misa, tocan a misa, que xa e moi tarde.

—Váiase fastidiar.

E o demo marchou pra casa e o chegar díxollo a sua muller.

—¡Ah, lapón! A eirexa era a Blancaflor, os santos o cabalo e o que tocaba a misa era o noivo da Blancaflor. Corre a ver se ainda os colles.

E o demo volveu a correr.

Mais de aquela a Blancaflor volveuse un brazo de mar e o demo non-o pudo pasar e marchou pra casa e xa non-os perseguiu mais.

E do outro lado do brazo de mar estaba a casa do xogador e foi il e díxolle â sua moza:

—Vou ir a miña casa e volvo aixiña.

—Vai, pero non te deixes abrazar por ninguén, porque se alguen te abraza, esquécesme.

E cando entrou na casa abrazóuse a il unha cadela, i-esqueceuna e ordenou casar c-unha moza do lugar.

Enton a Blancaflor fíxose costureira e foi coser ô lugar do seu noivo e todol-os mozos decían que en tal casa había unha costureira moi bonita.

E foron dous mozos e o xogador e pretenderon dormir co-ela.

E foi un, i-ela díxolle que sí, e cando se iban deitar mandouno vazar unha bacenilla chea de mexos e pasou toda a noite vazando na bacenilla e non pudo dormir co-ela.

E pol-a mañan perguntáronlle os outros:

—¿Seica pasaches boa noite? ¿Qué tal se dorme co-ela?

—Moi ben, moi ben.

E marchou.

Na noite seguinte foi outro e cando se iban deitar mandouno que se lavase n-unha palangana e pasou toda a noite lavándose.

E pol-a mañá perguntoulle ô que quedaba, que era o xogador:

—¿Seica pasaches boa noite? ¿Qué tal se dorme co-ela?

—Moi ben, moi ben.

E marchou.

E aquela noite foi o xogador e cando se iban deitar mandoulle ela que pechase a a porta e il estivo toda a noite pechando e abrindo na porta deica a mañá.

E pro outro día era o casamento do xogador e convidaron a Blancaflor que levou un cabaliño. E o cabaliño dáballe nas pernas o xogador que preguntou:

—¿Qué é isto que me anda batendo nas pernas?

E a Blancaflor falou enton:

—¿Eiquí, cando se compra unha vaca e despois se compra outra, cal é a que vale mais, a primeira o a segunda?

E respondeu o xogador:

—A primeira.

E n-aquel intre acordouse de que aquela era a sua muller, e dixo:

—Esta é a miña muller, porque é a primeira e foi a que me salvou.

E marchou co-ela.

O CONTO DE XAN SOLDADO.—Unha vez era un soldado que viña do servicio e viña pedindo esmola pol-os camiños, e un día alcontróuse con Noso Señor e con San Pedro, e foi San Pedro e díxolle:

—Xan Soldado, dame unha esmola.

—Traio tres ichavos. Douche un e quédanme dous.

—Pois dame outro ichavo.

—Douche dous e quédame un.

—Pois pra un que che queda, damo tamén.

E doullo.

I-enton falou Noso Señor a Xan Soldado:

—Pide o que queiras.

—Pídoche un saquiño pra gardar a esmola que recolla andando pol-os camiños

—Ahí o tes, cólleo. Cando vexas unha muller vendendo languizas dis: Languizas, pro meu saco. E cando vexas unha banda de perdices dis: Perdices, pro meu saco. E cando vexas unha manada de coellos dis: Coellos, pro meu saco.

Fóronse o Noso Señor e San Pedro, e Xan Soldado seguíu camiñando e escurecéulle aquil día n-unha cibdá. Buscou pousada e como non-a atopara remitiuse ô alcalde de barrio e contoulle de como non tiña onde cobixarse. E o alcalde díxolle.

—Eiquí hai unha casa na que ninguen se quere meter porque teñen medo.

—Pois a min déame as chaves que vou alá.

—Vai logo, si eres destemido. N-aquela casa hai moito que comer. Hai ovos, hai languizas e hai pipas de viño.

—¿E il haberá pan?

—Pan tamén hai alí.

—Pois alá vou.

Colleu as chaves, entrou na casa, alcendeu o lume e puxo n-il un cazolo e dentro do cazolo botou primeiro languizas e despois ovos. I-enton veu unha voz de enriba e dixo:

—¡Caio!

—Cai, pero non caias no cazolo.

Non rematou de decil-o cando caíu no lume unha perna de un home. E Xan Soldado agarrouna e púxoa fora do lume.

E volveu a berrar a voz:

—¡Caio!

—Cai cando queiras, pero non derrames o cazolo.

Non ben o dixo, baixou pol-a chiminea abaixo o corpo de un home ô que lle faltaba unha perna. E foi bater no lume.

Enton Xan Soldado colleu o corpo, puxo fora do lume e pegoulle a perna. I-en canto o fixo, o home ergueuse e faloulle:

—Colle unha aixada e ven conmigo.

—Eu non vou traballar.

—Ven, home, ven.

Foi, e chegaron atrás da casa e deron un cabañón, e atoparon unha moeda de cobre. Deron mais adiante outro cabañón e atoparon unha moeda de plata, e logo deron outro cabañón e atoparon unha moeda de ouro.

E díxolle o home a Xan Soldado:

—Ista moeda de ouro gárdala pra tí; a de prata daslla ô crego pra que ma teña en misas e a de cobre daslla a probeza do pueblo.

Dito esto, marchou pra non volver.

E Xan Soldado gobernou a cea, comeuna e deitouse, e pro outro día foi repartir o diñeiro asegún o home lle aconsellara, e deu a moeda de prata ô crego, a de cobre ôs probes e gardou a de ouro pra sí. Despois foi a unha figueira e púxose a comer nos figos.

E n-aquel intre veu o demo do inferno e díxolle:

—Báixate, que están as caldeiras do inferno agardando por tí.

—Ten pouca presa que estou comendo nos figos.

Mais a poder de teimar baixou e enton o demo perguntoulle:

—¿Qué, imos xa?

—Agarda que vou buscar o saco pra coller a esmola que me dean pol-o camiño.

Chegou co saco, abríuno e berrou:

—¡Demo, pro meu saco!

O demo meteuse dentro, e il pechoulle a boca ò saco, e deulle ô demo unha palliza.

Pasado tempo enfermou Xan Soldado e sentíndose morrer dixo òs que o arrodeaban: Se morro, han meterme o saquiño por baixo da cabeceira.

E morreu e figueron o que il mandara e despois de morto marchou penando pol-o mundo co seu saquiño ô lombo, hastra que chegou âs portas do inferno.

Petou n-elas e o demo perguntoulle sen abrir:

—¿Quén eres?

—Xan Soldado.

—¿Tras o saquiño?

—Traio.

—Pois entón, adiante, que aiquí non hai cabimento.

E volveu marchar penando pol-o mundo hastra que chegou âs portas do Ceo, e petou n-elas.

E saíu San Pedro e díxolle:

—¿Qué é o que queres?

—Quero ver o que hai dentro.

E namentras falaba agarrou a gorra e tiroulle co-ela pro outro lado da soleira.

Cando San Pedro lle pechaba a porta, Xan Soldado díxolle:

—Non-a peche e déixeme coller a gorra que a teño dentro.

I-entón deixárono e xa non saíu nunca mais.

UN CONTO INCOMPRETO.—De unha vez era un matrimonio tan probe que non tiña mais que a auga da fonte. E tiña tres nenos de 3, 4 e 6 anos, e a muller andaba pedindo co mais pequeno.

Sempre traían algo pra casa; mais de unha vez non trouxeron nada e pasaron un día sen comer. E a muller dixo:

—Voume pol-o mundo adiante co pequeno e hastra que non traia algo non volvo.

E levou tres días andando sen ter quen a socorrera, e ela e mail-o neno caíanse ca debilidade. Alá pol-o mediodía alcontraron un señor negro dacabalo de un cabalo negro que lles dixo:

—¿E logo pra onde camiñades?

—Ai señor, andamos a pedir, mais hai tres días que ninguien nos socorre.

—Pois eu hei darche todo o que me pidas se me das o pequeno.

E foi ella e doulle o pequeno e o señor entregoulle diñeiro de abondo pra se gobernare toda a vida e puxo o neno a cabalo.

A muller botouse entón a chorar e pensou que aquil home era o demo, mais como non tiña xa que lle facer volveuse pra casa e o chegar díxolle o seu marido.

—Rematouse a fame, agora somos ricos como calquer señorito de aiquí.

—¿E logo quen foi que che deu tanta esmola?

—Foi un señor negro dacabalo de un cabalo negro que ma deu en troques do noso fillo.

I-entón berroulle o home:

—Muller, tira co-ise diñeiro que lle vendiches o teu fillo ô demo.

O ouvir aquelo a muller desmaiouse e o home marchou pol-o mundo en precur do seu fillo, e ô cabo de moito andar alcontrou ô señor negro e perguntoulle:

—¿Il veu un señor c-un pequeno dacabalo de un cabalo negro?

—¿E logo que andas buscando?

—O meu fillo que vendeu a miña muller porque tiñamos moita fame.

—¿E canto darías tí porque che volvera aparecer o fillo?

—Daría todo canto teño.

—Está ben. ¿E cómo queres o pequeno? ¿Consonte estaba ou consonte está?

—Eu quero consonte está.

E foi o señor e entregoulle o neno vestido de ferro.

O PRÍNCIPE LAGARTO.—Era o rei e a reina de un país, que non tiñan fillos, i-estando un día a reina asomada no balcón víu pasar por baixo un lagarto e dixo:

—Quen me dera ter un fillo, anque fora como ese lagarto.

En efeuto, salíu embarazada e no seu tempo deu a luz un rapaz igoal a un lagarto. Pasaron anos e un día o príncipe lagarto díxolle a su mai:

—Eu quérome casar.

—¿E con quen te vas casar, queridiño? É millor que se che tire esa ideia da cabeza porque ô fin ninguién te vai querer.

E contestoulle o príncipe:

—Boeno. Eu quérome casar.

I-entón a mai foi falar con tres irmás que eran moi probes pra ver se querían o seu fillo. E como as tres dixeron que sí, propúxolles a reina que a que resistise os beixos do príncipe aquela había ser a que casara

Foi a mais vella e o chegarlle o lagarto onde o peito xa quedou desmaiada. Foi a segunda e pasoulle o mesmo e foi a mais nova e dixo:

—Pois eu hei resistir.

E así pasou. O lagarto subíu, baixou, e beixouna canto quixo, i-ela tan campante.

Chamaron os padriños, foron onda o abade, e casáronse. E pro outro día da boda a reina faloulle a sua nora:

—¿Qué tal pasaches a noite, miña filla?

—Moi ben. ¡Ai si vira que mozo bonito é príncipe cando se quita de noite a pelica do lagarto!

I-entre as duas ordearon de que cando il estivera durmindo roubarlle a pelica e queimarlla pra que non-a volvera a por, e de esa forma andivera sempre como os demais homes.

E así o figueron.

Mais â mañá perguntoulle o príncipe â sua muller:

—¿Onde me puxeches o vestido?

—Eu non che sei de il

—Pois xa que non sabes nada, ou mo tras ou marcho pol-o mundo adiante.

E o príncipe fuxíu da casa e botouse pol-o mundo adiante sen saber onde iba parar, mais tivo a sorte de meterse n-un reinado onde falou ca filla do rei e namoráronse un do outro.

E a muller do príncipe andaba toda desgustada sen saber do paradeiro do seu home e botouse a buscalo por un lado e pol-o outro.

Indo de camiño alcontrou unha muller vella que lle perguntou:

—¿E logo pra onde vas?

—Vou buscar ô meu marido que se me marchou.

—Pois mira, marcha de presa que o teu home vai casar ca filla do rei de aquil reinado. E tí has facer de esta maneira: Colle esta mazá, esta pera e esta laranxa e vai porte nas escaleiras do pazo do rei. E primeiro abres a mazá e sairache unha roca e un fuso de ouro e brillantes e ti has fiar co-iles hastra que pase a noiva do teu marido, e cando che diga se vendes o fuso e a roca, tí dislle que non e que soio llos das se che deixa dormir unha noite co seu mozo

A muller do príncipe foi andando e chegou o pazo do rei e púxose nas escaleiras co fuso e a roca, e pasou todo asegún dixera a vella.

No lle gostaba moito a filla do rei que aquela muller se deitara co seu home, mais por fin, como se lle antoxaran a roca e o fuso, deixou que dormiran xuntos.

Mais â noitiña, a princesa deulle ô príncipe lagarto unha auga dormideira pra que en toda a noite non falara co-ela.

Deitouse a muller na cama co seu home e díxolle:

—¿Pero tí non me conoces? Mira que son a tua muller de denantes, a que che queimou o vestido. Fálame, non me mates porque xa ando moito tempo perdida sen saber de tí.

Mais il dormía e non lle contestaba.

Veu a mañá e ela ergueuse e il quedou sen saber nada do que pasara.

I-ela entón volveu a escaleira do pazo e abríu a pera e sacou un sarillo de ouro e brillantes, mais bonito ainda que a roca e o fuso e púxose a ensarillar e cando pasou a princesa e antoxóuselle o sarillo, ela díxolle que non llo daba senon-a deixaba dormir outra vez co seu noivo. E deulle o permiso.

Mais volveron a pasar as mesmas cousas que a noite anterior porque a princesa tamén lle deu auga dormideira ó seu mozo, e a pesares de que a muller toda se mataba a falarlle il non lle contestaba cousa ningunha.

I-ergueuse e marchou con moita pena.

Pero o goardia que gardaba o pazo díxolle ó príncipe que xa había duas noites que estaba co-il unha muller na cama e que lle falaba e lle decía se non se acordaba de cando estaban casados, se non-a coñecía e que se fose co-ela.

Entón il deuse de conta de que era a sua primeira muller.

Entrementres ela volveu porse na escaleira do pazo e abríu a laranxa que era o último que lle quedaba e sacou unha devandoira de ouro e brillantes. Pasou a filla do rei, víuna e antoxóuselle, mais a muller díxolle que non lla daba se non-a deixaba dormir outra noite co seu mozo.

E a princesa respondeulle que sí

Mais de aquela o príncipe, en vez de beber a auga dormideira, botouna pol-o peito abaixo.

I-estando na cama volveu a muller a porfiarlle se non se acordaba de ela e de aquiles tempos pasados. Que lle falase, que non-a fixese sofrir, que se non lle falaba aquela noite que ela xa estaba perdida.

Il ben ouvía, mais non lle decía nada nin llo dixo tampouco en toda a noite.

Cando foi día, o príncipe ergueuse e marchou xunto ó rei de aquil reinado e falaron.

E dixo o príncipe:

—Eu teño un baul e perdínlle as chaves e agora figuen outras novas. Sua Maxestade me dirá·coales son millores, as que tiña ou as que figuen novas pra mesma pechadura.

E o rei respondeulle:

—Millores son as que eran nativas do baul.

E contestou o príncipe:

—Eu era casado, deixei a muller e vin por aiquí, mais agora apareceume a muller. Xusto é que me marche co-ela e que deixe a sua filla.

O rei quixo mudarse, mais por fin tivo que cumplir o que denantes dixera e deixar ô príncipe lagarto que marchara na compaña da sua primeira muller.

O TOLO E O AXUICIADO.—Unha vez era unha mai e tiña dous fillos: un tolo e un axuiciado. E foi e deulle mal â mai e non tiñan leña, i-entón díxolle o axuiciado ô tolo:

—¿Tí queres ir â leña ou coidar da mai?

—Eu quedo coidando da mai.

—Boeno, pois faille un pouco de chiculate.

O tolo agarrou unha pouca de cinsa e misturouna con auga quente e foilla levar â mai. I-ela non-a quixo tomar. I-entón o tolo colleu un fuso e atacoulle a cinsa pol-a gorxa abaixo e matou â mai. E foi, e asegún estaba sentada, púxolle unha estaquiña de cada lado pra que non caira e meteulle a roca na cintura, como si estivera fiando.

E cando chegou o axuiciado perguntoulle:

—¿Il xa sanou a mai?

—Xá está sentada na cama a fiar.

Entón o axuiciado foina ver e víu que estaba morta e díxolle o tolo:

—Ai, ladrón que matáchel-a mai. Agora temos que fuxir.

E respondeulle o tolo:

—Imos agarrar a besta do crego e atamos a mai por riba de ela pra que non caia.

E fixérono.

E a besta andaba saída e foran buscar un cabalo. E o cabalo quería arrecinar â besta e a besta fuxíu ca muller.

I-entón saíu o crego e díxolle a criada.

—Ai, Dios mío, que vai a nosa besta fuxindo c-unha muller.

De aquela saíu a muller e veu o tolo a correr e díxolle ô crego:

—Ai, Dios mío, que a sua besta matou a miña mai.

E respondeulle o crego:

—¿E cómo imos faguer?

—Entérrema e calamos, que eu voume pol-o mundo adiante e ninguien sabe nada.

E foi o tolo e púxoselle ô axuiciado:

—Vamos pol-o mundo adiante que senon pódennos prender.

—E o tolo colleu unha cancela, púxoa as costas e fóronse il e o seu irmau.

Chegaron alá adiante e viron ôs ladrós. E iles colleron us cagallós que había no chau e subíronse a un carballo.

E os ladrós puxéronse por baixo a estender unha sabá de diñeiro.

E os ladrós miraron cara arriba e dixeron:

—¡Ai, se Dios nos botara un pementiño!

Entón iles botáronlles os cagallós.

E puxéronse os ladrós:

—Gracias a Dios que nos botou un pouquiño pemento. ¡Se nos botara agora un aceitiño!

Entón iles puxéronse a mexar.

E dixeron os ladrós:

—Gracias a Dios que nos botou o aceite. ¡Se viñera un raio que nos partira!

—Entón os irmáns botaron a cancela pra baixo e os ladrós fuxiron.

Iles baixaron do carballo e colleron o diñeiro e dixéronlle ô úneco ladrón que quedara ferido ô cairlle a cancela na cabeza:

—Vostede colla o camiño que senón acabámolo de matar.

E púxoselle o tolo ô axuiciado:

—Tí decías que eu era tolo e gracias a min quedamos ricos.

A MOZA E OS TRES MOZOS.—Unha vez era unha moza que tiña tres mozos e os tres querían casar co-ela.

E foi o primeiro e díxollo, e ela contestoulle que millor o quería a il que a outro ningún, pero que tiña unha promesa prometida e que sen cumplila se non podían casar.

I-enton il díxolle que se valía, que il cumprira a promesa que a cumpriría pra se casaren logo.

I-ela entón díxolle que tiña que ir empanado e meterse na caixa que había na eirexa. E citoulle unha noite que lle pareceu boa.

Atrás de aquil foron os outros dous, tamén pra se casaren, mais non sabían us dos outros. E pasou co-iles a mesma cousa. O segundo mandouno que fora rezar a un difunto a eirexa e ò terceiro que fose tocar as cempanas. E citoulles a mesma noite que ô primeiro.

E foron os tres, mais o da caixa tomoulle medo ò que rezaba e os dous tomárono cando ouviron as campanas, e sairon correndo, e o que tocaba, que os ouvíu, tamén botou a correr.

Pro día seguinte, co susto, estaban todos a morrer, mais por fin o mais valente foi onda outro e, a forza de teimar, fixo que lle contara porque fora a eirexa, e despois os dous xuntos foron a ver ô terceiro e viron que a moza quixera rirse de iles, e chegaron a ela e déronlle unha grande palliza pra se vingaren.

O ABADE E O TOLO.—Eran unha mai e un fillo. E o fillo era tolo e andaba pol-os camiños comendo carne na Coaresma.

E víuno o crego e díxolle que non fixese aquelo e que pra purgalo tiña que estar dous días a pan e auga.

Il, como era tolo, gardou aquil rencor e un día pilloulle ô crego unha besta n-un prado e meteulla n-un muiño esborrallado que alí había e atrancou a porta con pedras.

O crego botou partes pol-a besta ofrecendo diñeiro a quen lla alcontrase, e o cabo de unha semana presentouselle o tolo e díxolle:

—A besta estalle metida n-aquil muiño esborrallado. Como vostede me fixo aunar dous días a pan e auga eu fíxenlle aunar a besta sete.

O crego non lle quixo pagar e andivo pra prendelo, mais como era tolo non-o poideron prender.

E o rapaz quedou moi incomodado e foi matinando de facer unha boa ò crego.

Un día matoulle unha vaca, salouna, e comeuna en compaña da mai.

Pasou tempo, e o crego por moito que fixo non descobríu o ladrón e de unha vez alcontrou o tolo que iba dicindo:

Señor Abade de Grillós
tiña unha vaca gorda
e comémoslla nos.

O crego ô ouvir aquelo chamouno e díxolle:

—Agarra ises dez pesos e no domingo, na misa, has decir o que eu che diga. Asi que remate de pradicar ti berras:

Señor Abade de Grillós
tiña unha vaca gorda
e comémoslla nos.

O tolo marchou pra casa roxindo nos pesos e contoulle â mai o que pasara co abade. I-entón a mai díxolle:

Heiche dar mais cartos ainda e cando o abade remate de pradicar ti dis:

Señor Abade de Grillós
dormiu coa nosa mai
onte a noite
e ninguien o sabe mais que nos.

E chegou o domingo e pradicou o abade e alá contra o cabo, dixo sinalando pro tolo.

—Eiquí tendes un que di sempre a verdade. Iste si que é un verdadeiro santo. E senon, vades ver agora como pol-a sua boca que non dice mentira vaise descobrir un roubo. Érguete, meu fillo, érguete, fala e desengana a ista xente.

I-entón o tolo ergueuse e berrou:

Señor Abade de Grillós
dormiu coa nosa mai
onte a noite
e ninguien o sabe mais que nos.

E o abade virouse de costas e rosmou:

Orates, frates;
con rapaces non me trates.

O GAITEIRO, O XASTRE E O ZAPATEIRO.—Unha moza falaba c-un xastre e c-un gaitero e determiñou casarse co xastre e cando llo foi decir ô gaiteiro contestoulle iste:

—Non te cases co xastre que asegún lle fai ô paño cas tixeiras hache faguer a ti pra te cortar.

A moza tomou medo e non se casou e mudouse pra un zapateiro, mais denantes da boda foise aconsellar co gaiteiro que lle dixo:

—Non te cases co zapateiro, que asegún lle bate a sola, hache bater a ti no pelico. E millor que te cases comigo, que imos levar a boda alegre. Cando nos enfademos eu toco a gaita e ti bailas.

Foi a moza gustante, e na boda tiveron de padriños ô xastre e ô zapateiro, que xa casaran denantes

Pasado algún tempo púxoselle un día o xastre â muller do gaiteiro:

—Falamos moito tempo de solteiros e nunca che dixen nada, mais agora que estás casada poderíamos faguer os dous algunha cousa.

Ela respondeulle que sí e que xa lle citaría dia pra estaren xuntos.

E deseguida marchou falar co zapateiro que lle andivo cas mesmas lerias do xastre, i-ela contestoulle tamén que xa lle citaría día pra estaren xuntos.

Cando volveu pra casa contoulle o seu marido todo o que lle pasara co xastre e co zapateiro.

—Mira valos citar pra tal día e dícelles que eu teño que ir tocar a unha festa e non te esquezas de encargarlles que traian unha boa merenda.

Chegado o día o gaiteiro saíu tocando pol-o lugar pra que viran que marchaba â festa e foi esconderse n-uuha touza onde daba vista a casa pra que a muller poidera chamar por il cando quixera.

E o xastre e mais o zapateiro foron xunto â muller do gaiteiro â hora citada levando moitas cousas boas que guisaron na lareira. E cando estivo feita a merenda a muller, sen que os outros se desen conta, azanou pol-o seu home.

Veu o gaiteiro e petou na porta e dixo:

—Ábreme, que mudaron a festa pra outro día e non podo tocar.

O zapateiro e o xastre subírouse entón ô canizo pra se esconderen, e o ver tantos potes ô lume púxoselle o gaiteiro a muller:

—¿Seica tes moito que comer?

—Ora, tí ibas a festa pasalo ben e eu quería ter aquí a miña festa.

—Pois nos os dous non somos capaces de rematar con todo. Anda, vai chamar pol-as nosas comadres a muller do xastre e a muller do zapateiro pra que nos axuden a comelo.

De alí a pouco viñeron as comadres e comeron e beberon todos tan de presa que se acabou o viño. E dixo o gaiteiro:

—Na casa non hai mais. Vai ser millor que a miña muller e a comadre se cheguen a bodega do xastre e traían un xerro cheo.

Fóronse elas e namentras iban e viñan, o gaiteiro fíxolle a festa a muller do zapateiro.

E no canizo decíalle o xastre o marido:

—Ai, hom, mira como lle fan a tua muller.

Viñeron as outras co viño e o gaiteiro apurou a bebelo pra que se acabara logo e asi que se acabou díxolle a sua muller e a outra comadre que foran buscar mais a bodega do zapateiro.

I-en canto iban e volvían fíxolle a festa a muller do xastre.

E no canizo decíalle o zapateiro o marido:

—Ai, hom, seica tamén che andan os tombos coa tua. Mira, mira como lle fan.

Volveron as comadres, rematouse a merenda e díxolle o gaiteiro as mulleres:

—Teño moito frío e queríame quentar.

E había alí unhas xestas verdes e púxoas no lume, e fixo tanto fume que os que estaban no canizo deron en espirrar, e o gaiteiro decíalle a muller:

—Eu non sei que pode haber ahí por riba.

E contestábanlle as mulleres:

—Han ser os gatos.

Pero co fume non podían resistir e seguían espirrando e o gaiteiro dixo:

—Ai Dios mío, que non sei que pode andar pol-a miña casa.

E colleu un pau e foi chuzar no canizo e os outros botáronse a berrar.

Entóu o gaiteiro berrou tamén:

—¿Seica tedes fala de homes? Baixade, baixade que vos vou gobernar.

Baixaron o zapateiro e o xastre e o gaiteiro deulles unha palliza ós dous. I-eso despois de terlle feita a festa as suas mulleres.

JUANITO EL OSO.—Estaban casados un home e unha muller e o home batéulle a muller i-entón ela fuxíu da casa e o botárselle a noite meteuse n-unha cova.

E víu un oso â cova e *fixo menos* de ela e quedou embarazada e trouxo un rapaz e púxolle por nome *Juanito el Oso,* porque a metade era home e a metade era oso e tiña o pelo longo coma o pai.

Cando o fillo tivo oito anos fuxiron da cova e foron pra un pueblo e a mai mandou o rapaz â escola, mais en canto enredaba cos outros rapaces, e sen il querer, matábaos a todos e os homes e as mulleres do pueblo andaban sempre a rifar ca mai e co fillo.

E un día díxolle o fillo a mai:

—Eu quero unha porra pra marchar pol-o mundo adiante.

Trouxéronlle un pau que pesaba vinte arrobas e il dixo:

—Esto non val pra nada. Eu quero outro que pese moito mais.

I-entón trouxéronlle un que pesaba cen arrobas.

E o rapaz colleuno e dixo:

—Esto xa é outra cousa.

E marchou pol-o mundo adiante.

Indo de camiño víu outro home e preguntoulle:

—¿Pra onde vas e que destiño tes?

—Teño o de Arrasamontañas.

—Boeno, pois si queres podemos ir xuntos os dous.

Foron xuntos camiñando e viron outro home e perguntáronlle:

—¿Pra onde vas e que destiño tes?

—Eu son Sorberíos.

—Boeno, pois si queres podemos ir xuntos os tres.

Andiveron asi pol-o mundo sen atopar ningunha dificultade porque non-os había mais valentes, mais un día rifaron e *Juanito el Oso* matou os outros dous e seguíu andando e facendo mil tolerías. Onde chegaba decía:

—Quero comer, e calados todos, senon douvos ca porra.

E así trouxo atemerada toda xente.

Mais un día que chovía meteuse por baixo de un penedo e veu un raio e matouno e quedou alí a porra, pois nin con trinta xugadas poideron arrastrala.

O HOME, O COELLO, A RAPOSA, O LOBO E O OSO.—Unha vez era un home que andaba rozando no monte e veu por alí o compadre lobo e díxolle:

—Boenos días, compadre; seica vai frío.

E respondeulle o home:

—Agarde, compadre que imos alcender lume e quentámonos.

Puxéronse a quentarse e chegou por alí a comadre raposa.

—Boenos días, compadres; seica vai moito frío.

—Pois quéntese, comadre, quéntese.

E veu ocompadre oso.

—Boenos días, compadres; vai moito frío. ¡Se me deixaran quentar!

E respondeulle o home:

—Pero vaime comer.

—Non como, non, que tamén está ahí o compadre lobo e mais non-o come.

—Se é así, quéntese.

I-enton chegou o coello.

—Boenos días, compadres; ¡se me deixaran quentar!

—Non vas ter sitio. ¿Non ves que están aiquí o compadre oso, o compadre lobo e a comadre raposa?

—Tanto ten, que eu como son pequeno métome entre as pernas de calquera.

Estándose quentando todos, acordaron ter unha merenda. O coello había ir pol-as millores berzas de unha horta. A raposa pol-o millor galo do lugar. O lobo pol-o millor carneiro que houbera na viceira e o oso pol-o míllor cortizo de mel que houbese nas colmeas. E acordaron que o que viñera mais logo sería a cabeceira da mesa.

O coello, como era o mais lixeiro, foi o que primeiro chegou cas berzas.

E perguutoulle ô home:

—¿Il chegou algún xa?

—Inda ninguén.

—Entón son eu a cabeceira da mesa.

E mentras o coello estaba ô lume o home deulle un couce e matouno, i-escondeu as berzas i-escondeu tamén o coello.

De alí a pouco chegou a raposa co galo.

—¿Il chegou algún xa?

—Inda ninguén.

—Entón son eu a cabeceira da mesa.

Mais o home tiña alí un ferro quente e meteullo pol-o cú. E a raposa deu catro voltas no aire e fuxíu.

E o home escondeu o galo cas berzas e co coello.

E veu o lobo co carneiro âs costas.

—¿Il chegou algún xa

—Inda non veu ninguén.

—Entón son eu a cabeceira da mesa.

—Será. Quéntese namentras os outros non veñen.

E foi e colleu a aixada e deulle coe-la na cabeza. E o lobo deu tres voltas no aire e fuxíu.

Entón o home colleu o carneiro e escondeuno cas outras cousas.

E n-esto chegou o oso co cortizo, e traguía os fociños hinchados das picadelas das abellas.

—¿Il chegou algún xa?

—Ainda non.

—Entón son eu a cabeceira da mesa.

—Mais agora a vir canso. Séntese e quéntese.

Conforme se estaba quentando vai o home e colle o mallo do carro e dalle co-il na cabeza. O oso deu catro voltas no aire e fuxíu.

O home colleu o carneiro, o galo, o coello, as berzas e o cortizo, chegou â casa e díxolle a sua muller:

—¡Ai, Marica! Mira que sorte tiven que me deron esto todo. Olla, co coello xa temos pra un día. Co galo xa temos pra dous días e co carneiro xa temos pra tres días, e o cortizo habémolo plantar na horta pra facermos con mais colmeas e despois inda nos hemos por ricos vendendo a cera e o mel.

N-esto, ô día siguente xuntáronse o oso, o lobo e a raposa e referíronse o que lle pasara a cada un de iles.

E dixo o oso:

—Imos decir cada un a sua cousa. Raposa, conta tí.

—A min metéronme o dedo pequeno pol-o cú arriba e fixéronme dar catro voltas no aire e tiven que fuxir.

—¿E a tí, compadre lobo?

—A min déronme un puñetazo na cabeza e fixéronme dar tres voltas no aire e tiven que fuxir.

E perguntaron os outros:

—¿E a tí que che pasou, compadre oso?

—A min déronme cos dous puños pechados na cabeza e tamén tiven que fuxir.

E perguntóulles a raposa:

—¿I-o coello que lle pasaría pra non se xuntar conosco?

E saltaron o oso e o lobo:

—Ise como era mais pequeno non tiña resistencia e matárono.

O HOME, O LOBO, A RAPOSA, O BURRO E O CORVO.—De unha vez era un home que andaba arando e veu por alí o compadre lobo e díxolle:

—Boenos días, compadre. Eu vouno comer a vostede, ou ô boi negro, ou ô boi castaño.

—Ai compadre. Déixeme acabar de arar iste anaco de terra que me falta e dispois coma a un dos bois.

E o lobo pareceulle ben e foise deitar por baixo do carro.

E veu a raposa e díxolle o home:

—Boenos días, compadre.

—Boenos días, comadre.

—Il parece que anda moi triste.

—Como non hei andar, comadre, como non hei andar. O compadre lobo está deitado por baixo do carro e quéreme comer a min, ou ô boi negro, ou ô boi castaño.

—¿Il canto me da e non-o come a vostede, nin o boi negro, nin o boi castaño?

—E que lle hei dar comadre, que lle hei dar. Voulle dar un saco de pitas.

—Boeno, pois entón vou alí pra onda o compadre lobo e co sedeño que ten no carro, como que é xogando, heino atar a roda e o telo preso chamo por vostede, e matámolo.

—Entón vaia, comadre.

Foi a raposa, e marchou pra onda o lobo, e puxéronse os dous a enredar hastra que o prendeu e chamou pol-o home.

—Compadre, veña acá que o lobo xa está preso.

E o home foi correndo e mataron o lobo e foron os dous pra casa. E o chegar díxolle o home a sua muller:

—A ver onde van esas pitas pra lle dar aiquí a comadre que me salvou a xugada dos bois e me salvou a min.

E a muller, que tiña unha galga parida con catro galgos, foi e meteunos todos dentro de un saco e púxoselle ô home:

—Eiquí tes as pitas. Lévallas a comadre.

E o home levoulle as pitas a comadre e preguntoulle:

—¿Quere que llas bote aiquí no patamal da escaleira ou cómeas dentro do saco?

—¿Il teñen as pernas atadas? Pois bótemas aiquí que me vou adivirtindo co-elas e vounas comendo pouco a pouco.

Pero o saco estaba furado e cando a raposa víu por alí un ollo perguntou:

—¿É o ollo do galo grande? Pois bótemas aiquí.

—E foi o home e desatoulle a boca ô saco e saltaron os galgos atrás da raposa, que consente corría, iba dicindo:

—Axudaime, peciños, que vos hei de vestir de ouro e de prata.

E perguntoulle o rabo:

—¿E a min?

—¡Válate Satanás, que tiras de min pra trás!

Despois a raposa pra se vingar, fuxíulle ô home ca xuntura dos bois.

E pasou por alí un burro e perguntoulle ô home porque andaba tan triste. E contestoulle:

—Porque a zorra fuxíume ca xuntura, e non podo ir pra casa.

—¿Canto me das i-encárgome eu de cha traguer?

—Douche un saco de millo.

I-enton o burro foise deitar onda o toco da raposa, que de alí a pouco saíu cos raposiños e ataron o burro ca xuntura dos bois pra levalo pra dentro, mais o burro en canto tivo a xuntura posta fuxíu co-ela pra onda o home, que de aquela xa pudo apor os bois e marchou a casa pra lle traguer o millo o burro.

Mais a muller, no canto do millo, meteulle abellas no saco, e cando chegou de volta perguntoulle ô burro:

—¿Quéres que cho bote no chau ou cómelo no saco?

—Déixemo no saco que así aporveito todol-os graus.

E foi o home e meteulle o saco na cabeza e atoullo o pescozo. Mais o burro, de que sentíu as picadelas das abellas, deu en azanar hastra que o desatou.

E despois púxose a pensar como faria pra vingarse do home e acordou irlle a un eido que tiña sementado de millo, e ô chegar ô sitio púxose a comer n-il, e a espoldrexarse hasta que llo derramou todo.

E cando estivo canso botouse panza arriba e púxose a dormir, pero de cheo que estaba saíulle un grau pol-a *portiña*.

Pasou voando un corvo e o ver o grau baixou a comelo, e non ben o comeu, víu outro mais adentro, e outro despois e consente ia comendo, metía mais a cabeza, hastra que o burro pechou a *portiña* e pilloulla dentro.

I-entón o corvo púxose a berrar:

—Azana, azana, que non queda espiga nin argana.

E o burro entón botou un peido e pra botalo abríu a *portiña* e soltou ô corvo, que o verse libre decía:

Se non fora por este peidiño forte
morría aiquí de mala morte.

A RAPOSA E O LOBO.—De unha vez era a raposa e pra saírlle ô camiño a un sardiñeiro que viña cas canastas cheas, deitóuse no chau e fíxose a morta.

Chegou o sardiñeiro, e o vela dixo:

—Mala fada, onde ti viñeches morrer.

E colleuna e botouna ô lombo por riba das canastas e seguíu andando. E foi a raposa e sacoulle as sardiñas que levaba e fuxíu co-elas pra un puzo.

Deseguida chegouse onda o compadre lobo e berroulle:

—Veña acá, compadre, que temos unha convidada moi boa, mais primeiro hai que lle beber a auga toda de este puzo.

E mentras falaba botou as sardiñas no borde do lado de ela.

E o lobo empezou a beber auga hastra que a estiñou, e conforme que il metía o fuciño ía ela comendo nas sardiñas e cando non lle quedaba mais que un rabo enterrouno na lama e dixo:

—Ai, compadre, veña que aiquí están as sardiñas. Turre de iste rabo que lle están aiquí.

E o lobo turrou e remexeu na lama e non atopou cousa de porveito e rosmou algo incomodado:

—Comadre, aiquí non hai sardiñas.

—Compadre, haber habíallas. De seguro foron os bechos que as comeron. Mais agora veña conmigo que sei de unha eira onde están mallando e teñen unha fonte de papas dentro de un canastro e ímoslla comer, pero temos que facer de xeito que non-os vexa entrar a xente.

E andiveron xuntos, e chegaron a eira, e a raposa díxolle ô lobo que se puxera na cima de unha parede. E o lobo púxose e a raposa foi agachada por detrás de il, meteuse no canastro e comeu as papas.

E cando a xente que andaba mallando avistou ô lobo ergueu os mallos e fixo fuxir a toda presa.

De alí a pouco e cando ainda corría alcontrou â raposa, que, en canto o víu, deu en laiarse.

—¡Ai compadre, se vira como me doi a barriga!

—Que quere, comadre, que quere.

—Ai, compadre, se me pudera levas âs costas.

—Ande, póñase n-esa parede e monte.

E a raposa cando ía dacabalo do lobo ía dicindo:

Raposa gaiteira,
chea de papas
e gran cabaleira.

—¿Qué dí, comadre, qué dí?

—¡Ai, compadre, se vira como me doi a barriga. Eu morro!

E despois volvía decir:

Raposa gaiteira,
chea de papas
e gran cabeleira.

Foron andando deica unha ponte e alí o lobo díxolle â raposa:
—Ai, comadre, póñase aiquí n-estas pedras, que quero descansar.
E deseguida deulle un empuxón e tirou ca comadre ô río.
Alá como pudo a raposa saíu da auga e quedaron un de unha beira e outro da outra.
E berroulle a raposa ô lobo:
—Ai, compadre, vostede tivo que fuxir i-eu comínlle as papas e as sardiñas e ainda me levou âs costas, i-eso ca barriga non me lle doía.

PARRAFEOS.

1

—Quedaches de vir no lús
non viñeches hastra o martes.
—É que eu quería saber
de os amantes de outras partes.
—Quedaches de vir no martes
non viñeches hastra a coarta.
—É que eu quería saber
se a tua conversa era farta.
—Quedaches de vir na coarta
non viñeches hastra a quinta.
—É que eu quería saber
se a tua conversa era limpa.
—Quedaches de vir na quinta
non viñeches hastra o viernes.
—É que eu quería saber
de los amores que tienes.
—Quedaches en vir no viernes
non viñeches hastra o sábado.
—É que eu quería saber
dos amores de outro lado.

2

—Tes o corpiño ben feito
as pernas asi serán;
dame permiso, miniña,
que che quero por a man.
—A man non ma has de por,
tampouco eu bulo con vosco
que esta dama que aiquí está
é de outro que non é vosa.
—Espero que me has deixar
mandar chamar a teu pai
que lle teño que decir.
—Meu pai ca non é chamado
traballos son escusados,
porque son rapaza nova
inda non mando na casa.
—Outras mais novas ca tí
mandan casa e ten marido
como ti has de facer
se te casares conmigo.

3

—Non se me da pol-as solas
que por ti teño rompido.
dáseme pol-os paseos
que por tí teño perdido.
– Se por min gastaches solas
comprares unhas abarcas
que outros millores ca tí
xa levaron calabazas.
—Se levaron calabazas
é verdá e tes razón
que sempre me gustou moito
a tua conversación.
—A miña conversación
non-os importa de nada
que se Diol-o asi quixo.
que non fose tua dama.
—Que non foses miña dama
tivo a culpa a miña sogra
que o día que eu me casare
había por capa nova.

O PADRE NUESTRO PEQUENIÑO.

Padre nuestro pequeniño
que vai para o Reboredo.
c-unhas calciñas moi vellas
e un gorretiño vermello
e unha espada de cortiza
para matar a carriza,

e a carriza tirou un berro
e asombrou o mundo todo
solo quedou un homiño
metido no cu de un zorro.

AS CATRO MENTIRAS.

Vou contar catro mentiras:
Pol-o mar andan as lebres,
e nos montes as sardiñas.
Son un triste pasaxeiro
que vai pol-o seu camiño:
nas botellas levo o pan
e nas alforxas o viño.
Cheguei onda unha taberna:
—Taberneira, ¿hai que comer?
Colleron os bois âs costas
e o arado foi beber.

A DOTE.

Homes e mulleres,
rapaces e todos,
vinde vel-a dote
que me deu meu sogro:
unha cabra vella,
c-un cabrito coxo
e unha manta negra
c-un remendo roxo.

A PITA.

Teño unha pita podeira
que pon tres ovos no día,
mais se me puxera catro
millor conta me faría.
Xa me daban pol-o pico
un subío moi bonito,
xa me daban pol-o papo
unha caixa de tabaco,
xa me daban pol-as plumas
un cento e meio de agullas,
xa me daban pol-as pernas
unhas mangas ben marelas.
xa me daban pol-o rabo
unha besta e un cabalo,
xa me daban pol-o pelo
unha vaca e un becerro,
xa me daban pol-o fel
a filla do coronel,
xa me daban pol-a crista
un cabalo realista.
¡Ou pita que tanto vales!,
heite levar ô convento
para que digan os frades:
"Galo fora e pita dentro".

ADIVIÑAS.

No monte nace
no monte se cría,
e ven pra casa e rifa ca tia.

(A uz)

Meu maridiño perniñas de grilo
encarriscouse esta noite conmigo,
cando na cama, cando no lar
non-o puden desencarriscar.

(O sono)

Longa, longa, longarela,
ten un dente na cotela.

(A aguillada)

Alto me vexo
no meu capulexo;
pau vexo vir
e non podo fuxir.

(O ourizo)

Debaixo de pinguin que pingaba
estaba funguin que fungaba
e veu rapin que rapaba
pra levar a funguin que fungaba.

(O porco que estaba por baixo de un carballo e o lobo).

Jarapé de catro pés
ía a comer a jarapé de un pé
Jarapé de dous pés foi tornar a jarapé de (catro pés
pra que non comera a jarapé de un pé.

(Unha cabra que ía comer unha berza e o home que a tornou).

Redondin, redonden,
tantas follas ten
que non llas conta ninguén.

(O cogomelo, ou chouparro)

Redondin, redondon,
non ten boca nin tapón.

(O ovo)

Entre valado e valado
hai un boi reventado.

(Un cesto de masa)

No monte nace,
no monte se cria
e ven á casa
e leva os bois pra cortaduria.

(o peine e os piollos)

Anda, anda
e nunca chega ô seu lugar.

(O muiño)

Cabalo branco
pexado n-un campo
ferrado u-un pé
cabalo non é.

(Unha meada de liño)

Oito baten na calzada,
catro miran para o ceo,
un goberna a traellada
e outro canta o sirineo.

(Os bois, o home e o carro)

Catro na cama,
catro na lama,
dous parafusos
e un que lle azana.

(A vaca)

Catro gatos n-un tellado
cada gato mira a tres
dime agora, rapaciña,
cantos gatos ven a ser.

(Catro gatos).

O boticario e a filla
e o médico e a muller
compraron nove laranxas
cada un tocou a tres.

(A filla do boticario era
a muller do médico).

Unha señorita
moi enseñoritada
con moitos remendos
e ningunha puntada.

(A galiña)

REFRÁNS.

Xaneiro xeadeiro, cada suco seu regueiro.

En Frebeiro súbete ó outeiro, se ves o centeo verdegar, ponte a chorar; se o ves terrexar, pódeste alegrar.

Frebeiriño curto, cos seus días vinteoito; si durara mais catro, non quedaba can nin gato.

Cando a Candelaria chora, a mitai do inverno vai fora; cando a Candelaria ri inda o inverno está por vir.

Marzo iguarzo, o dia coa noite e o pan co carpazo.

Marzo, Marzan, â mañá cara de can, a meiodía enxamea a colmea e a noite morre a ovella.

En Marzo espigas catro, en Abril espigas mil.

Páscoas molladas, moitas abrotas; Páscoas enxoitas, nin poucas nin moitas.

Maio me molla, Maio me enxuga, raza de sol con raza de chuvia.

Ano de ameixas, ano de queixas.

Fariña do demo, toda se volve farelo.

Ladra can, que pra eso ganal-o pan.

Non hai atallo sen traballo nin arrodeo sen paseo.

O boi morto, vaca é.

O viño fai do vello mociño.

Non hai lua como a de Xaneiro nin amor como o primeiro.

O probe sempre é mal home e o rico sempre un bendito.

Canto mais lle dan ô tolo mail-o tolo quer.

Pra fame non hai pan podre.

Tanto o rico como o pobre, cando lle dá a morte, morre.

DITOS.

Tanta lle fixo o demo â sua mai, que lle quitou os ollos.

Canto mais presa mais vagar.

Pra morte non hai cura.

A vellez non ten cura.

Baila toleirón, baila sen són.

O que non sabe é como o que non ve.

O que fai mal, pra si o fai.

Non che é esa a mai do año.

Dalle Dios pan a quen non ten dentes.

Vei que o demo ten cara de coello.

Do meu podo facer un pandeiro.

Quen manda e fai ten dous traballos.

O que quer comer que traballe.

ROMANCES.

I

O Xan Dingán quer casar,
non ten a muller buscada
e foille faguel-o amor
â filla da tia Xohana.
—Boas noites, tia Xohana.
¿Onde lle vai a rapaza?

—Foi buscal-o gas pra noite
e xa parece qne tarda.
E n-esto entra a rapaza
por aquela porta adentro.
—Boas noites, Xan Dingán,
tráiote no pensamento.
—Pois tí diralo de risas
mais eu dígocho de veras,
que xa hai un grande rato
que estou quentando as canelas.
—¿E logo tes moito frío?
—Ai nunca Dios che me dera;
quizais me queiras querer
se queres que nos casemos
agora pra primaveira.
—Eu casar ben me casaba
pero heiche de contar
que quero faguel-a saia
e teño a lá por fiar,
os zapatos todos rotos,
e o pano todo furado;
se tes cartos faime eso
e casamos de contado.
—Eu sonche soio, miniña,
non teño con quen partir;
eu riquezas non-as teño
mais habemos de vivir.
Téñoche tres ovellas
e as tres andan preñadas
e unha galiña que pon.
os oviños pras torradas.
Teño unha cabra moi boa
que trouxo catro cabritos
e mentras dous de iles maman
os outros andan ôs brincos.
Figueron as municiós
pol-o uso acostumbrado,
leváronllas ô abade
que llas lese de contado
e o crego cando llas leu
no ofertorio da misa
toda a xente que as ouvíu
toda se caíu ca risa.

2

A pulga e a palla
ordearon se casar;
figueron as rodas xuntos
e faltáballes o pan.
Saíu a formiga
do seu formigueiro:
—Se queredes pan
eu son panadeiro.

—Agora, miniña,
panciño che temos
fáltanos o viño,
¿onde o *hallaremos?*
Saíu o mosquito
do seu mosquiteiro:
—Se queredes viño,
eu son arrieiro.

—Agora, miniña,
viñiño che temos,
fáltannos manteles,
¿onde os *hallaremos?*
—Saíu a araña
do seu arañeiro:
—Se querés manteles
eu son tecedeiro.

—Agora, miniña,
manteles che temos,
fáltanos a carne,
¿onde a *hallaremos?*
Saíu o lobo
detrás do valado:
—Se queredes carne
mandaime recado.

—Agora, miniña,
carniña che temos,
fáltanos padriño,
¿onde o *hallaremos?*
E saíu a rata
detrás do muiño:
—Agarraime o gato,
eu serei padriño.

—Agora, miniña,
padriño che temos,
fáltanos madriña,
¿onde a *hallaremos?*
E saíu a rá
de unha fonte fría:
—Mandaime recado
que eu serei madriña.

—Agora, miniña,
madriña che temos,
faltan os danzantes,
¿onde os *hallaremos?*
E saíu o sapo
por moi triunfante:
—Mandeime recado
que eu serei danzante.

C A N C I O N E I R O

AMOROSAS.

1 De eiquí cara a miña terra
todo é camiño chau:
todos son cravos e rosas
postos pol-a miña mau.

2 Dios che dea os boenos días,
millores as madrugadas,
miniña que andas na horta
collendo maravalladas.

3 Por baixo da oliveira
da gusto parrafear:
ten a folliña miuda
e non-a fura o luar.

4 Maruxiña, Maruxiña,
Maruxiña no sendeiro:
conocinte pol-o pano:
seguinte pol-o vieiro.

5 Cando paso a tua porta
compro pan e vou comendo,
pra que non digan teus pais
que de verte me manteño.

6 Adiós, paloma *hermosa,*
quen te pudera levar
no bolsillo do chileque
como o papel de fumar.

7 A moza que é bonita
merece moito ben:
un vestidiño de seda
que non lle gañe ninguén.

8 O meu amor é un santo
i-eu a Dios non llo merezo;
todos me dicen que o venda
e o meu amor non ten precio.

9 A raiz do toxo verde
é moi mala de arrincar;
os amorciños primeiros
son moi malos de olvidar.

10 Onte a noite cheguei eu
de estudiar de Salamanca,
encontreime coa Engracia
chorando pol-o da Gracia.

11 Se saíras a porta
tiña que che decir;
pero tes unha mai
que non te deixa sair.

12 Tanto he de ir, tanto hei de vir,
miniña, ô teu lugar;
tanto hei de ir, tanto hei de vir
hastra que te hei de levar.

13 O pemento ha de ser verde,
o tomate colorado,
a *berengena* espiñosa
e os amorciños calados.

14 Dende a tua casa a miña
hai unha larga cadea
toda chea de sospiros
toda de sospiros chea.

15 Unha noite de luar
e unha noite que chovía
entreguei o corazón
a quen non-o merecía.

16 A laranxa foi a fonte
tanto tarda que non ven:
ou rompeu a cantariña
ou se namorou de alguén.

17 A laranxa foi â fonte,
o limón foi atrás de ela;
a laranxa bebeu auga
e o limón ficou sen ela.

18 Paloma que vas voando
e as plumas che van caindo
solo quixera saber
o que me ibas decindo

19 Tes un carabel na boca
e os dentes son as folliñas
e os teus ollos, meu amor,
inda han sere prendas miñas.

20 Maruxiña, Maruxiña,
a teu pai te hei de pedir;
se il non te quixera dar
os pasos che ei de seguir.

21 Oliveira decotada
atravesada no rio;
para ir cara a tua terra
non necesito navío.

22 A do refaixo marelo
e os perendengues atrás
xa me están proendo as uñas
por che arranxar un rapaz.

23 Onte a noite fun âs mozas,
esta noite hei volver ir:
se a algunha moza lle gusto
eu de ela non hei fuxir.

24 Heiche de dar, queridiña,
heiche de dar o que teño;
heiche de dar queridiña
o anelo do meu dedo.

25 Antoniña, Antoniña,
Antoniña, meu amor,
Antoniña queridiña,
¿quén che levou o color?

26 A tua porta, miniña,
â tua porta estou eu;
estou do lado de fora
¡de dentro pillárame eu!

27 Mariquiña da Forneira:
se coceres faime un bolo;
se mo fas, faimo de trigo
que centeo non cho como.

28 Tireiche c-unha pedriña,
deiche no rodo da saia:
eu ben che dixen, miniña,
que eras do borde da raia

29 A tua porta, miniña,
hai unha vara delgada;
se non foras tan bonita
non eras tan deseada.

30 Teño un amor na montaña,
teño un amor montañés,
teño un amor na montaña,
na riveira teño tres.

31 Esta noite vou de ronda,
miniña, so por te ver:
auga que vai rio abaixo
arriba non ha volver.

DESDÉS.

32 Eiquí veño que me pagues
todo o meu tempo perdido.
Xa non che falo das solas
que por tí teño rompido.
—Se rompiches moitas solas
compra unhas alparagatas,
que bos mozos como tí
xa levaron calabazas.

33 Algún día por te ver
abrín as catro ventanas;
agora por non te ver
teñoas todas pechadas.

34 Eres unha bababana,
falta de conocimento,
pensas que todos te queren
i-engánate o pensamento.

35 As mociñas de este pueblo
son malas de contentar;
os mociños, os de Calvos,
alá non-as van buscar.

36 Nou te quero, non te quero,
e mais na cara cho digo;
non me criaron meus pais
pra me casaren contigo.

37 No medio do camiño,
topei un ramo de ameixas;
pasache e non me falache:
tanto levas como deixas.

38 No medio do camiño
hai un ramo de hortelá;
pasache e non me falache
a min tanto se me dá.

39 Pensaches que por ser rico
xa me tiñas na mau;
moitas serdas ten o porco
e non pasa de marrau.

40 Pasei pol-a tua porta
erguin os ollos e vin
un letreiro que decía
eu para ti non nacin.

41 Por debaixo da xeada
derrétese a neve pura;
xa non me estás encantando
con toda a tua fermosura.

42 Por baixo do carambelo
derrétese a neve pura;
xa non vou mais onda ti
que acabou tua fermosura.

43 Eu se quero mozas
teño mais de unha,
pero de esta terra
non quero ningunha.

44 Pasei pola tua porta
erguin os ollos e vin
un letreiro que decía
que tí non eres pra min.
I-eu como sabía ler
saquei un e puxen outro:
se tí non eres pra min
eu pra tí non son tampouco.

HUMORÍSTICAS.

45 Esta noite vou âs mozas,
esta noite vou a elas
auga que vai río abaixo
arriba non ha volver.

46 Porque non te casas, Pedro;
porque non te casas, Xan;
porque as feas non-as quero
e as bonitas non mas dan.

47 Agarráchesme pol-as pernas,
arrastráchesme pol-as pallas,
fixéchesme a cama no chau
que estaba de sete semanas.

48 Pol-o río abaixo
vai unha sartén;
vai fritindo troitas;
¡han de saber ben!

49 Eu mal no quero a ninguén,
que eu malicia non-a teño:
quero cobrar o que é meu,
e non pagar o que debo.

50 Teño andado moito a caza
nunca vin unha carriza,
non sei si era dos cás
si era da miña preguiza.

51 Se virades o que eu vin
fuxirades como eu fuxín:
un gato n-unha ventana
tocando n-un violín.

52 Se virades o que eu vin,
fuxirades como eu fuxin:
unha cabra c-unha roca
e un crastón c-un violin.

53 Se virades o que eu vin
na feira de Monterroso:
vintecinco lobos xuntos
dacabalo de un raposo.

54 Como te pille no campo
como te pile mais veces
heiche de meter no coro
herba para nove meses.

55 Santo que estás no canizo.
bota castañas en baixo,
que anque non teño mandil
recóllochas no refaixo.

56 Vella que estás no canizo
bota castañas en baixo,
que anque non teño mandil
recóllochas no refaixo.

57 Santo que estás no canizo
tira castañas en baixo,
tírame das mais grandiñas
que âs pequenas non me baixo.

58 Non me tires con pedriñas
que son do mesmo penedo;
se te atopo n-un camiño
son capaz de comer xente.

59 Toca o pandeiro, Marica,
repenícalle Manoela,
que quero ver como bailan
as mociñas da miña terra.

60 Maruxiña, Maruxiña,
Maruxiña non teño outra;
se me morre a Maruxiña,
¿quén me ha de lavar a roupa?

61 Indo por iste camiño
co meu chapeo na mau
namorando âs casadas
que as solteiras miñas son.

62 A muller que ha de ser boa
ha de ter o cú de pau,
a barriga de curtiza
e a naris de bacallau.

63 A miña muller morreume
i-enterreina n-un palleiro;
os meus fillos a chorar
ieu a tocal-o pandeiro.

64 Miña mai pariu ô lume
por baixo de unha tixela,
e veu o gato e levoume
pensando que era vitela.

65 Agora veu unha orde
que non pode estar millor:
meter os homes no forno
e chamar o capador.

66 Teño catro calzoncillos
que me derou catro tolas;
elas son amigas miñas,
eu son amigo de todas.

67 Ábreme a porta, rapaza,
se non entro pol-as tellas;
teño un rapaz empezado
e fáltanmelle as orellas

68 A unha vella moito vella,
mais vella co meu chapeu,
tratáronlle o casamento
levantou as maus ô ceo.

69 A unha vella moito vella,
mais vella que a Zaragoza,
tratáronlle o casamento
e a vella volveuse moza.

70 Unha vella e un candil
son dous agoiros na casa:
a vella por rifar moito
i-o candil gastal-a grasa.

71 Estando na miña cama
deitada co meu rapaz,
unha pulga deulle un couce
e botouno tras do arcáz.

72 Estando na miña cama
deitadiño coma un home,
¿qué lle importará a ninguén
que me rañe onde me come?

73 Pasei pol-a tua porta,
botei a mau ô ferrollo
e a ladra de tua mai
meteume un pau por un ollo.

74 Miña mai e mais meu pai
quedan na cama durmindo;
meu pai non sei que lle fai
que ela quedábase rindo.

75 Non queiras muller pequena
que na ves se non te agachas;
nin precures gando miudo
que todo il son carrachas.

76 Unha vella fixo papas
e o pote botoullas fora;
hai un ano que foi esto
e inda oxe a vella chora.

77 A miña muller é vella,
de vella non pode andar:
heina de por de cancela
na entrada do lugar.

SATÍRICAS.

78 Pol-a veiga do Gorgoledo
vintecinco cegos van,
cada cego sua dama,
cada dama seu galán.

79 Andas moito de paseio,
mira xiquera pro chau:
podes ver unha peineta,
pra lle dar ô teu marrau.

80 O rio da feira nova
pasa por baixo da ponte;
as mozas de Paradela
deixan o gando no monte.

81 Cando vaias ô fiadeiro
baila ben o punteado
para que digan as vellas:
¡qué mozo tan educado!

82 A Mariquiña estaba preñada,
e o Mariquiño non sabía nada;
a Mariquiña estaba de parto
e o Mariquiño non tiña un carto.

83 O carballo caille a folla
e o ourizo non-a ten;
as mociñas, as de agora,
¡moi pouca vergonza ten!

84 O carballo caille a folla
e ô castiñeiro o ourizo;
as mociñas, as de agora,
todas andan ô castizo.

85 O Ramonciño de Calvos
tiña a gorriña esgazada;
o Ramón a coser n-ela
e a Carmela a esgazarlla.

86 Eres unha, i-eres duas,
i-eres tres, i-eres cincoenta,
i-eres unha catedral
donde todo o mundo entra.

87 Dende Outeiro âs Nogueiras
hai unha tranca no chau:
a Antonia caíu n-ela
e o Francisco deulle a mau.

88 Pasei pol-a Olivada,
dei volta pol-o Cebreiro.
As mociñas de Padroso
todas andan ô carneiro.

89 As mociñas de Padroso
cando rapan as ovellas
gardan a lá nos buratos
para mercar as sortellas.

90 Levei a miña sogra
a unha feira a Estremadura
e non-a puden vender
pol-a mala dentadura.

91 As tellas do teu tellado
botan auga sen chover;
as pulgas da tua cama
xa me poden coñecer.

92 Eres alta como un ovo,
redonda como unha noz,
branca como o chiculate,
buenas noches nos dé Dios.

93 Alá señora Jovita,
cara de guinda madura;
por baixo da sua cama
sai o sol e ponse a lua.

94 N-esta calle roxen cachos
seica perderon tixeiras:
son o demo dos xastres
que van pra onda as costureiras.

95 Veño dende alá tan lonxe
pisando cardos molares
por ver a cara do burro,
cara de quita pesares.

96 As mociñas de Padroso,
son poucas e mal honradas:
as pequenas xa pariron
i-as grandes andan preñadas.

97 Pol-a carreteira abaixo
hai un carro de alfileres.
As verdades son dos homes
i-as mentiras das mulleres.

98 As mociñas, as de Calvos,
gastan dous pares de medias,
pra que lles digan os mozos
que gordas teñen as pernas.

99 As mociñas, as de Calvos,
gastan reló de pulseira;
en cambio as de Padroso
gastan navalla barbeira

100 As mociñas, as das Maus,
cando van ô fiadeiro
collen ô pai pol-as barbas:
¡corre pra aiquí, meu carneiro!

101 Créeste que eres moi rica
porque tes catro vacas,
e ti o que tes son pulgas,
unhas gordas e outras fracas.

102 As mociñas de esta terra
choran e teñen razón
porque ningunha se casa
de presumidas que son.

103 Moza dos vinte mozos,
e conmigo vinteún,
xa te podes ir casando
que te quedas sin ningún.

104 Maruxiña teu pai deute,
i-el habíate matar:
tiñal-o caldiño feito
e a louciña por lavar.

105 Sementei tirabeques
nacéronme fabas.
As miniñas de esta terra
andan todas preñadas.

106 Se vedes por ahí adiante
ô macilán do meu home
decílle que veña logo,
que outro xantar non-o come.

107 Directorio, Directorio (1)
ti que demos ves facer,
que o vino que ten D. Xan
xa non se pode beber

108 A Carmela e o Ramón
fóronse lavar ô rio:
o Ramón era treidor
tirou a Carmela ô rio.

109 As miniñas, as de Calvos
todas ten a saia rota;
solo a filla da Forneira
que a ten feita de estopa.

110 A María é boa moza,
moza de dar e tomar;
lava a camisa das outras
e a de ela da a lavar.

111 As mociñas de Padroso
son poucas e mal honradas
que lle andan saíndo ôs homes
âs canellas apartadas.

REFLEXIVAS.

112 O amar e o querer ben
vaiche no botar do caldo:
que para ti vas ô fondo
e para min andas danando.

(1) Directorio, apodo de un camioneteiro.

113 Eu ben cho dixen, miniña,
eu ben te desenganei:
díxenche que era casado,
agora, ¿qué che farei?

114 Oliveira decotada
pouco fruto pode dar;
a mociña mal casada
pouco pode namorar.

115 Aquil paxaro non canta,
seica non ten alegría.
Non se fai cousa de noite
que non se saiba de día.

116 Para que eu quero muller,
para que ha hei de querer;
para que quero muller:
no son capaz da manter.

117 Miña mai chama por min
dende o alto da portela,
pensa que me leva o aire
e o aire a min non me leva.

118 A porta de un muiño
póñome a considerar
as voltas que da o rodicio
e ainda as que ten que dar

119 Fun a Porto, fun a Braga,
tamén fun ô limoeiro:
n-alcontrei mellor amigo
que a buisa do meu diñeiro.

CONSELLOS.

120 A roliña anda arrolando
que lle levaron o niño;
non-o fixeras ti rola
tan a veira do camiño.

121 Canta cuco, canta cuco,
na casiña da bubela;
coitadiña da miniña
que lle chove na capela.

122 Miniña tan bonitiña,
non vaias o rio, non,
que te ha de leval-a iauga
por baixo do puntillón.

123 —Cásame, miña nai, cásame.
—Miña filla non te arroutes.
—Cásame, miña nai, cásame
que unha perna tapa a otra.

124 Miña nai, miña naiciña,
caixiña dos meus tormentos,
quérolle contar un conto
pra llo contar teño medo.
—Conta miña filla, conta,
cóntame os que ti quixeres,
conta, non teñas vergoña,
que todas somos mulleres.

MERMURAZÓN.

125 Teño unha herba na horta
que reventa pol-o pé;
tamén outro ha reventar
por decir o que non é.

126 Contáchelle os meus segredos
a quen tanto me quería;
todo canto che escoitaba
todo canto me decía.

ANIMAES E PLANTAS.

127 Canta cuco, canta cuco,
que xa cantou a bubela;
cantan os bichiños todos
no tempo da primaveira.

QUEIXAS.

128 Dis que me queres moito,
malio demo teu querer;
entra a semana e sai
e mais non me ves a ver.

INDETERMIÑADAS.

129 Esta casa está faiada;
faiadiña de papel;
que por moitos anos vivan
o home e mail-a muller.

130 No alto de aquela serra
ten meu pai unha tapada
que da uvas no xaneiro
e non llas queima a xiada.

131 No alto de aquela serra
anda un galo con tres polas negras,
o galo canta e as polas berran:
aquil é o demo que anda na serra.

132 A rola anda arrolando,
por riba de un bido seco,
que lle levaron o niño
as mozas de Rioseco.

133 Fun o muiño de baixo
dei volta polo de riba:
o de baixo tiña ferrollo
e o de riba carabilla.

134 A porta do fiadeiro
hai unha pedra redonda,
onde se sentan os mozos
cando veñen de ramboia.

135 Queridiña dóenche os ollos
tamén a min dóenme os meus;
vámolos lavar o rio
onde a troita lava os seus.

136 Esta noite vou âs mozas,
esta noite hei de ir a elas;
o que ten fillas oue as garde,
que eu non hei de gardar de elas.

137 —Costureiriña bonita,
¿onde tes a tua cama?
—Onda o poleiro das pitas
c-unha garfiña de palla.

138 Eu se quero mozas
teño mais de mil,
rapaciñas novas
todas como min.

139 Bote o caldo, miña nai
—Non' o boto, non, Xaquin,
que inda están as berzas cruas,
non ma seas galopin.

N O T A S

(1) Vex. F. López Cuevillas, A. Fraguas e Pura Lorenzana. *Mámoas do Saviñao. A necrópole do monte da Morá*, en "Arquivos do Seminario de Estudos Galegos", vol. V; e F. López Cuevillas. *Prehistoria de Melide*, en "Arquivos do Seminario de Estudos Galegos", (en prensa).

(2) Pras duas derradeiras, véxase o interesante estudo de J. R. Santos Junior. *Pinturas megalíticas no concello de Carrazêda de Anciães*. Porto, 1930.

(3) *Notable grupo de circulos lithicos y túmulos dolméticos de la cuenca superior del Eume*. "Arquivos do Seminario de Estudos Galegos", vol. II.

(4) Vol. IV, fasc. III. F. López Cuevillas. *Novas cerámicas das antas galegas*.

(5) A reconstruzón de iste vaso e dos outros de que logo nos ocuparemos levouse a cabo por don Xorxe Lourenzo e por D. Luis Salgado na Academia de dibuxo e modelado que sostén a Excma. Diputación de Ourense e que dirixe D. Luis Fernández Xesta.

(6) *Cartas de Martins Sarmento a J. Leite de Vasconcellos*, O Arch. Port. vol. VI, 1901, pax. 45.

(7) Luis Pericot, *Los vasos campaniformes de la colección La Iglesia*. A Cruña, 1927. Separata do "B. R. A. G.", tomo XVI.

(8) Noticia do sabio arqueólogo Anxel del Castillo, que tén istas pezas en estudo.

(9) A. del Castillo, *La cultura del vaso campaniforme*. Barcelona, 1928.

(10) *Os Oestrimnios, os Saefes e a Ofiolatría en Galiza*. "Arquivos do Seminario de Estudos Galegos", II. A Cruña, 1929.

(11) *A Penha eneolítica*. "Revista de Guimarães", vol. XXXVIII, pax. 135. Xulio ô Nadal, 1928.

(12) *Vasos en forma de chapeu invertido*. "Portugalia", II, pax. 662. Pôrto, 1908.

(13) *La civilisation énéolithique dans la péninsule ibérique*, pax. 34.

(14) Artigo en "A Voz do Crente", de Póvoa de Varzim, n.º de 6 de Xulio, 1928.

(15) Vergilio Correia. *El eneolítico de Pavía*. Memoria n.º 27 de la C. de I. Paleontológicas y Prehistóricas, pax. 37, fig. 22.

(16) Federico de Motos. *La edad eneolítica en Vélez Blanco*. Memoria n.º 19 de la C. de I. Paleontológicas y Prehistóricas, pax. 34, fig. 15.

(17) A. Mendes Corrêa. *Historia de Portugal*, fasc. 4.º, pax. 147.

(18) N-unhas follas de un libro de linaxes que posee o Sr. Texada, atópase a seguinte espricazón de iste escudo: "Compónese el escudo de cuatro cuarteles, los que divide una cruz de oro de la forma de las de San Juan... En el primer cuartel (destro de xefe) dos castillos de piedra natural en campo verde (o escudo tén por riba de estes castelos dous guerreiros dos qne non fala o tal libro). En el segundo (senestro de xefe)... dos medias lunas con trece estrellas de oro... en el tercero (destro de punta) un león rampante de sangre con la lengua, los dientes y las uñas de oro... que era (iste coartel) el escudo primitivo de la familia... En el cuarto (senestro de punta) tiene un tejo y un oso apoyado en él, atado con una cadena y desgajando una rama... (no escudo aparecen dous osos, un de cada lado).

Todo el escudo está cercado de una orla de oro con trece veneras azules y en cada venera un hábito de Santiago. Al rededor de la orla hay trece banderas... y en cada bandera una media luna con las puntas hacia abajo...

...la divisa, dice: ECCE BEATIFICAMUS EOS QUI SUBTINUERUNT."

VILA DE CALVOS

SUMARIO

A vila e a paisaxe.	Páx. 7.
Etnografía prehistórica	12.
Notas de Etnografía moderna. . .	30.
Colleita folklórica	47.
Cancioneiro.	69.
Notas..	76.

LAMINAS FORA DE TEXTO

Lám. I. Vista de Calvos dende o comenzo da chan de Salas.
II. A gándara por baixo do monte de Golpellás.
III. Praza do Eirao. O fondo, o coto do Forte.
IV. O Coto de Penas Altas.
V. Anta número 2.
VI. Cista da mámoa número 3.
VII. Anta da mámoa número 4.
VIII. Trincheira do coto da Laborada.
IX. Vasixas da necrópole de sepulturas planas.
X. Lugar do achádego do acobillo de machados.
XI. Portada do pazo da familia Texada.
XII. Casa do tipo c).
XIII. Casa do tipo d).
XIV. Casa do tipo f).
XV. A eirexa parroquial.
XVI. Mesa no coto da Laborada.
XVII. O peto das Ánimas.

Rematouse de imprentar esta obra, sobre a Vila
de Calvos de Randín, escrita por F. L. Cuevi-
llas e Xoaquín Lourenzo, no dia 24 de
Santos de 1930, a costa do Seminario
de Estudos Galegos, pol-a Im-
prenta de Antúnez de
Pontevedra.